

Albino Prada
ARREDOR DE NÓS

ARREDOR
DE
NÓS

Albino Prada Blanco

Libre recreación do autor a partires do relato
“Os europeos en Abrantes”
publicado por Vicente Risco
na revista “*Nós*”, números 39 e 40 do ano 1927

* * *


Rexistro Xeral da Propiedade Intelectual

nº 03/2016/1024

**coa autorización do actual titular de dereitos de explotación sobre a obra de
Vicente Risco para a transformación de dita obra**

* * *

Primeira edición dixital, Xaneiro de 2017



Limiar

Vai xa para corenta anos que, lendo a obra de Vicente Risco, quedara especialmente interesado no mundo que el imaxinara no ano 1927 nunha novela que non rematara: *Os europeos en Abrantes*. Logo, sen saber como nin por que, algúns personaxes e anécdotas, inventadas ou non, que transitan polas moitas páxinas da obra de Álvaro Cunqueiro pedíronme visitar, dunha ou doutra forma, aquela pequena vila que imaxinara Risco. Din por sentado que nin a un nin ó outro lles tería parecido mal este trasfego e mestura dos seus mundos literarios.

Medrou así na miña imaxinación un bricolaxe literario (non sei se está inventado este subxénero de marquetería narrativa), que nun comezo tivo forma dun guión audiovisual, no que empezaron a pedirme que lles dese entrada personaxes non totalmente imaxinados: o cartógrafo e matemático Domingo Fontán, a fotógrafa Ruth Anderson, o debuxante Enrique Campo ... e outros as veces imaxinados, e as veces lembrados, por quen isto escribe.

Non era eu quen de, xa nesta lea, reservar o dereito de admisión. A solución: todos pasaron por Abrantes.

A chegada, a todos os Abrantes de Galicia, do progreso moderno (dende o ferrocarril ó telégrafo, dende os

automóbiles ó teléfono, pero tamén dende as vacinas ós fertilizantes) deu forma entre nós a unha particular reflexión. Iso foi o que quixen recoller nun relato que haberá quen considere anacrónico pero que, se ben se mira, podería axudar a que neste século XXI aínda máis progresado (coa informática ou a internet, a xenética ou a robotización ...) os abrantianos fagamos por facérmonos, e responder, ás mesmas preguntas.

Pois, poñamos por caso, se un dos protagonistas deste relato tivo que emigrar a América nos primeiros anos do século XX, se cando retornou -cincuenta anos despois- outros moitos dos seus paisanos estaban a emigrar para o norte de Europa, hoxe –xusto noventa anos despois- non poucos mozos galegos


vense empurrados a ter que facelo para calquera parte do mundo. O barco a vapor, o ferrocarril e agora o avión seguen a facer o seu traballo. O progreso, sempre, arredor de nós.

Tomiño, decembro de 2016

INDICE

Un tren que pasa
Na barbería de Abrantes
Café e partida na estación
Visitando enfermos
Encontro co carteiro
Don Celidonio
No Ateneo de Oria
Co Moncho
Domingo de cine
Xantar cos Anderson
A natación científica
Profundando
Un debuxante no Pazo
Un envío dende Barcelona
No río
A escola
Tempo despois
* * *
Apéndices

Un tren que pasa



Estación de Abrantes co Miño ó fondo (1914)

Teño nas mans unha vella foto do camiño que levaba de Abrantes á súa estación do tren. Para ir cara Oria ou Vigo íamos augas abaixo seguindo o río. Nesa foto ben podía camiñar, polo que era daquela unha corre道ira e hoxe é unha rúa ben asfaltada, un carro do país tirado por un boi.

Mesmo escoito, ó ver a foto, o inesquecible lamento daqueles carros.

Un bardo popular sostiña, sen trabucarse, que cantaban.

Nesta foto podía ter coincidido a chegada dun tren a Abrantes. Unha daquelas máquinas a vapor que anunciaban a súa chegada asubiando gravemente dende moi lonxe e que, despois, envolvía a todos os que estabamos á súa espera nunha fumareda branca mesturada co cheiro do carbón.

Vese tamén o vello edificio da estación do tren, pouco máis que unha casoupa ou apeadeiro; cos seus fíos do telégrafo que tras de pasar por unha

ringleira de postes entraban no despacho do Xefe polo oco do vidro dunha fiestra. Fáiseme doado imaxinar o amarelo da luz que habería, tanto no despacho como na sala de espera, no solpor dun día de moito sol naquela primavera de comezos do pasado século.

Apenas dúas vías. Non había almacéns para carga ou descarga como en Oria. Máis non faltaba a rechamante campá de bronce, nin un grande reloxo que se iluminaba ó caer a noite.

Polo tanto na foto podían terse cruzado un carro que canta e a

locomotora que asubía. Dous mundos que estaban a coincidir por vez primeira, e que fan aboiar na memoria, máis aló das cousas que se ven, persoas que xa non están e das que vou deixar aquí a miña lembranza.

Na memoria vexo a un mociño de Abrantes -o Siño- que, como moitas daquelas tardes, decidira acercarse á estación para ver pasar o mercancías das sete. Antes da chegada do tren –que virá baleiro e sen parada- tamén el escoitou o chiar do carro, aínda que o que máis lle chama a atención é o son, ó lonxe, dunha

radio que ten sintonizada o xefe da estación.

Moi pronto todo quedará soterrado cando na tarde, xa case escura, se veñan acercando os podentes focos da locomotora, logo o ruído crecente e rítmico dos eixos de ferro e, por fin, a podente fumareda de vapor na que todo queda mergullado por un momento.

Despois sempre viña o vento que levantaba ó seu paso, malia que o maquinista disminuía a velocidade, e –xa por fin- os dous sonoros asubíos cos que

se anunciaba antes do paso a nivel no camiño que leva ó río.

Daba mágoa comprobar a súa desaparición. Lenta e constante, co vagón correo de cola que se ía facendo por momentos mais pequeno, ata que se perdían de vista as súas luces vermellas.

De alí a pouco era xa apenas unha mancha escura que só pola columna de fume branco, pois o ruído xa non se alcanzaba a escoitar, se sabía que era o tren mercadorías das sete. Que remataba de pasar por Abrantes camiño de Oria.

Siño daríase entón conta de que xa era case hora da cea, e vai de volta para súa casa. Facendo, agora ó revés, o camiño da estación.

A primeira casa de Abrantes, indo como el vai dende a estación do tren, era daquela a dun abrantiano singular que xa mesmo vai aparecer neste relato. Hoxe esa casa aínda segue en pé, claro que agora nese treito de camiño xa todo son casas ata a estación. Daquela era a primeira casa que había pasados uns campos abertos. Ben pechada por unha parede de pedra, o Siño tiña que pegar un chimpo para poder ver si andaba por alí o

seu dono: o doutor Andrade. Médico titular de Abrantes que será, como se vai ver, epicentro desta historia.

Detívose por fronte do muro e reparou nas cereixas xa ben maduras da árbore do doutor, e, non vendo luces na casa, en tres zancadas e dun brinco sentouse por riba do muro. Logo deixouse caer sen facer ruído, e vai agochado cara a cerdeira. Coñécea moi ben doutros anos. Colocando un pé nunha fenda da árbore, e collendo pulo agarrado ó que queda dunha galla tronzada hai anos, é quen de nun plis plas estar xa inzado e acochado na árbore.

Todo segue en calma. Nin camiñantes, nin luces na casa. Facendo o menor ruído posible Siño vai apañando, por dentro da súa camisa, as moitas cereixas maduras que ten ó alcance da man.

Leva xa nesas un bo rato, cando repara en como se prende a luz nunha fiestra do primeiro andar da casa do doutor. Queda conxelado, paralizado coa alarma.

Repara en como o doutor está ollando pola fiestra cara a cerdeira e o camiño. Pero nada ve. Sen embargo, de súpeto,

escoita como si algo golpease na pía – agora baleira- que hai no patio para recoller auga do tellado. Ese algo foi a buxaina que se ripou dun peto do pantalón de Siño.

Cavila decontado. Non ten xa ningunha dúbida. Ou é un gato ou algo peor: !alguén lle anda nas cereixas;. Sexa o que for, non queda outra que darlle un bo susto coa espingarda de caza que, para as ocasións, sempre ten cargada con cartuchos de fogueo.

Mentres foi buscala ó fondo do corredor da casa, Siño aproveita para

caer da árbore, saltar o muro e quedar agochado -á súa sombra- xa polo lado do camiño.

É entón que escoita o doutor berrar, apuntando cara o camiño coa súa escopeta:

- !Malandrín¡, !desvergoñado¡ ... !lisca da miña propiedade rapaz, ou vas lembrarte toda a vida das miñas cereixas¡

Siño vaise as agochadas tras do muro cara Abrantes, despois bota a correr. Para cando o doutor ten baixado e chegado a


cancela que da ó camiño, o ladrón das cereixas xa vai cerca da fonte, e case nin se distingue na escuridade.

O doutor cun medio sorriso cavila para si:

- !Lobos de rapaces;

Entra e apaga a luz por fora da casa. A noite de Abrantes queda de novo en calma, só co limpo e ininterrompido riri dos grilos. Non pasarán máis trens ata o correo de primeira hora da mañá.

A barbaría de Abrantes



Soportal da barbaría de Abrantes nun debuxo de Enrique Campo

Como tódolos días despois de xantar, xa que as mañás son para atender a consulta ou facer unha rolda ós doentes nas súas casas, o doutor Andrade vai xogar a partida de dominó co señor Luís, o xefe de estación. Sempre, iso si, que non o impida algunha urxencia.

Antes ten que pasar pola barbaría a mercar tabaco. Pois a barbaría de Abrantes, naqueles tempos, contaba tamén cun pequeno bazar onde se podían

atopar dende ferraxería a todo o preciso para a agricultura tradicional ou moderna.

Como é mediodía, e cae o sol de punta, o doutor sae da casa con chapeu. A barbaría cae na dirección contraria da estación do tren, preto da fonte. Segundo se vai achegando repara en que o barbeiro está atendendo a un paisano no soportal da casa. A sombra é boa, e mesmo hai unha bancada (antes fora un escano) na que tomar asento si un quere esperar vez ou, simplemente, facer unha pausa no camiño.

O barbeiro vendo acercarse ó doutor Andrade, sen deixar de barbear, saúdao

- !Boa tarde don Severino; -así lle din na aldea ó doutor-.

Este devolve o saúdo cun aceno do chapeu, mentres o paisano barbeado, pola súa banda, engade:

- Gárdese do sol un anaco, xúntese a nós e cate este tostado.
- Agradécese. Non llo desprezo amigo Lousas –contesta o doutor- sobre todo si está fresquiño.

O convite faillo o paisano que está a ser barbeado, alcumado *O Lousas*, que para a ocasión está todo cuberto cun amplo lenzo branco. O doutor toma asento no banco, e repara en que no canto da fiestra teñen unha botella de viño tostado, con moi bo color, e tamén uns vasos. Senta e pousa o chapeu, mentres o barbeiro - deixando o seu labor- sírvelle un vaso.

Saborean o viño, aprobando coa testa e o padal a súa calidade. E, mentres o Lousas segue sentado na súa cadeira, o barbeiro retoma a faena profundando en voz alta ...

- ... !e pensar que na Polinesia andan en pleno inverno; ¡ah!, !son cousas das antípodas amigos; ... !as antípodas; ... Pontes, xa saben, meu xenro que estivo emigrado en Bós Aires, contoume que asistiu alí as conferencias dun profesor alemán sobre o «*imán terrenal central*» ...

E segue co seu relato baixando a voz,

- ... aquel profesor alemán sostiña que ten forma de pera; segundo el, senón existise o imán entón, daquela, non podería haber antípodas. Decía que

tardou non pouco tempo en formarse.
E que ata que non estivo ben
composto, a terra, voando arredor do
sol ía deixando caer cousas da parte
de embaixo que agora poderían
atoparse noutros planetas. Unha
cerdeira na Lúa, unhas ovellas en
Marte, ...

Fixo unha pausa no relato, e no
barbeado do Lousas, para chiscar do seu
vaso,

- Interessante teoría a dese alemán, si
señor –dille o doutor-.

- Pois aquí o Lousas –di o barbeiro– non a da por boa.
- !Que quere que lles diga; A min as manchas da Lúa ... ¡non me semellan cerdeiras;. E, xa metidos nestes asuntos ... digo eu, don Severino, ¿será certo o eclipse que anuncia o «*Gaiteiro*» aló para o mes de Santiago?

O doutor concorda co Lousas cun aceno da cabeza,

- Só che podo dicir que no «*Zaragozano*» tamén o dan por seguro
- ¿Haberá algún perigo para a facenda?, -pregúntase, con non pouca preocupación, o Lousas-.
- Eu fun ensinado, polos meus avós maternos, en que neses días non se debe coller verdura para o caldo. E que tampouco se debe beber leite fresco de vacas que pastaran nun día de eclipse –di o barbeiro-.

O doutor, querendo concordar os argumentos do profesor alemán cos do barbeiro galego, engade

- Pode que teus avós non coñecesen a teoría do alemán, pero xa profundaron nos seus efectos. Algo haberá, mesmo magnético.

Neste punto o Lousas, xa algo máis tranquilo, non se resiste a facer unha pregunta que lle roe os miolos,

- Daquela doutor Andrade, ¿non é de esperar un diluvio ou cousa semellante?

- !Non oh¡, !un diluvio¡, ... ¿por que o preguntas?
- !Carallo que por que¡ ... porque habería que volver a medir todas as terras, fixar novamente as lindes e os marcos, repoñer as servidumes de paso, ... !Moreas de cartos para os peritos¡

O barbeiro deu por rematado o seu traballo, e retirando cun movemento profesional o pano que tapaba ó Lousas, pregunta,

- ¿Estará probada a teoría do alemán, don Severino?
- Home, como probado ... !quen sabe os adiantos que ha de haber;

Mentres fala érguese de vagar i engade, pondo o chapeu:

- Voume xa, amigos. Ponme decontado un paquete de tabaco, pois fáiseme tarde para a partida que temos na estación. Agradecido polo convite. !Moi bo tostado, si señor;

Partida e café na estação



Da barbería de Abrantes á estación do tren vai un treito de apenas medio quilómetro. Naqueles tempos só se pasaba por diante do muro da casa do doutor, pois no resto do camiño lindábase con lameiros, soutos e algunha que outra horta. O doutor Andrade apurou o paso pois, como ben sabemos, tiña collido folgos –e tabaco- na barbería.

Na estación está á súa espera – preparando café- quen daquela exercía como xefe do ferrocarril en Abrantes: Luís Docampo. Tivera aquí o seu primeiro destino, despois das prácticas que había anos fixera na estación do importante nó ferroviario de Monforte de Lemos. O señor Luís tornárase ferroviario vocacional dende que, xa sendo rapaz, seus pais o levaran non poucos domingos a tomar gasosa a cantina daquela –para el- impresionante estación.

Está a preparar o café co que han acompañar a partida de dominó. Para

facelo usa un moderno aparello italiano que ferve a auga con electricidade, e no que uns modernos filtros e tubaxes fan ascender a infusión, despois de teren absorbido no seu correspondente compartimento as esencias do café moído.

Está orgulloso do sistema porque non hai neste proceso nin rastro dos métodos tradicionais, ó estárense aplicando avances derivados das novas tecnoloxías do vapor por xunto neste caso coa electricidade.

Porque debe saberse que Luís Docampo é un afervoadado pregoeiro –e, na súa humildade, pioneiro en Abrantes– das últimas tecnoloxías. Por profesión e por vocación.

Abonda en reparar en como a radio e máis o telégrafo están a funcionar no despacho da estación, mentres pon en marcha a moderna cafeteira italiana. Escoitase na radio un informativo nacional, mentres o telégrafo está a recibir información rutineira dende a estación de Oria.

Si un reparase de vagar nas paredes do despacho podería observar, ademais de fotografías de modernas locomotoras -aínda nunca vistas na liña de Oria a Vigo-, tamén retratos de persoeiros que estaban a ser decisivos nos campos da mecánica, da química, das varias enxeñerías ou da óptica. Estratexicamente situados nunha das paredes, podían verse dous reloxos: un coa hora local, outro coa de Greenwich. En resume: aínda que para os veciños de Abrantes fose a hora da sesta, naquel despacho non o era en absoluto. Un podía palpar alí como estaban en acción os

miolos dun algo que non durmía, un persoeiro que avantaba sen acougo. Aquel despacho era, se se permite a expresión, un altar ó progreso.

Será nesas que o doutor anuncie a súa chegada batendo a modo nos cristais da fiestra; entón o señor Luís deixará de prestar atención a cafeteira para dicir,

- !Pase don Severino¡, ben sabe do camiño.

O doutor abre a porta e saúda, quitando o sombreiro,

- Boas e abafantes ... Non me quixera ver esta tarde no pelexo do maquinista do correo para a costa -e facendo unha pausa para comprobar o axuste do seu reloxos cos da parede, engade- ¿Que tal ven hoxe? ¿Xa telegrafaron dende Oria?.

O xefe vaise cara o telégrafo e di, mentres tronza a tira de papel,

- Andaba a pór a punto o café e nin reparei. -Sen deixar de mirar para a cinta de papel do telégrafo, engade-: séntese don Severino que boa falla lle

fai; din de Oria que chegará en media hora, temos tempo abondo para comezar co noso.

Sentados os dous, o doutor baralla as fichas do dominó mentres o seu amigo serve o café. De seguido van collendo cada un fichas para a primeira partida.

- Notable diferenza a que aínda hai hoxe entre viaxar no correo de Oria ou o camiño que fan as palabras do telégrafo -di o doutor-. Con esta calor, !quen lle dera ó maquinista que o seu

traballo se amañase polos fíos do telégrafo; .. e todo chegará.

- Ben seguro –concorda o xefe-. Así ha de ser. A combinación da electricidade, co vapor, o magnetismo, a mecánica e –facendo un xesto de complicidade- a cirurxía, fará que tal cousa e mesmo outras hoxe máis insospeitadas se resolvan. O mellor de todo vai ser que outras cousas han pasar a ser vistas como froito das idades bárbaras: Deus será un espantallo para explotar ó pobo; o arte unha brincadeira de nenos; a teoloxía e a filosofía hanse de ver

como latinarios para os vellos e para os cregos.

- Neste punto batemos coa miña *contradictio* profesional –di o doutor-. Xa llo teño confesado máis dunha vez: aquí en Abrantes o médico ten que seguir sendo o sucesor máis ou menos científico do curandeiro; so é nas cidades onde podemos tirarlle a Igrexa a dirección das conciencias, facernos donos da sociedade e impor o xugo da ciencia. !E alí onde xa se ven emerxer as suntuosas construcións de clínicas e sanatorios;. Daráselle máis importancia á consulta

que á confesión. Co tempo ninguén vai crer no demo, todos creremos nos microbios.

- !Gloriosos anos do ascenso do progreso; -remacha o xefe de estación-. Tempos que verán o trunfo da futura relixión da hixiene, o reinado glorioso da asepsia, a antisepsia e a profilaxe, ... que salvarán a Humanidade enteira das doenzas e da ignorancia, rematando dunha vez para sempre coas tiranías de curas e señoritos.


- Certo, amigo Luís. Pero, mentres, nós aquí condenados a ver o trunfo da

ciencia dende lonxe, dende este Abrantes, dende esta minúscula estación na liña de tren de Oria á costa galega. Eu mesmo, sen fundar un sanatorio, sen publicar unha memoria, sen ditar un curso de conferencias, ... por non falar do desastre que levou por diante o moderno, e modélico, hospital do Pazo do Souto tan preto de aquí.

Como ben se ve, os nosos dous amigos láianse por uns horizontes que lles semellan perdidos. E mentres o fan, e van

movendo as pezas do xogo, o reloxco coa hora de Greenwich prosegue imparabile o seu avance. Tamén o tren correo que xa está a piques de chegar.

Visitando enfermos



A casa de don Severino nun vello debuxo de M. Hermida

Ao menos un día á semana o doutor Andrade saía a visitar os seus doentes meta científicos. Tratábase de aqueles que non tiñan, moi o seu pesar e malia os avances dos diagnósticos e das sintomatoloxías modernas, doada recuperación. Estes casos en Abrantes non eran poucos.

Para o resto dos seus doentes, agás as urxencias que de cando en vez xurdían a

calquera hora do día, o usual era recibilos na súa consulta, xa que só alí contaba cos instrumentos e aparellos que lle permitían acadar unha diagnose científica.

Xa fose naquelas visitas meta científicas, ou aqueloutras de urxencia, para facer o seu camiño servíase dunha *calesa* de dúas rodas –un aerodinámico *gig* importado de Inglaterra- tirado polo seu cabalo *Moro*. Un percherón sempre disposto e non pouco intelixente.

Antes de contar con este novo vehículo ía sempre de a cabalo, pero coas

últimas melloras nos camiños empezara a ser posible o uso destes en Abrantes.

Certo que estas melloras non permitiran aínda o tránsito dun daqueles novos e modernos automóbiles de motor que xa se vían en Oria. Sen dúbida o doutor Andrade tería mercado un deses - en lugar do *gig* inglés- de ter sido posible.

Aquela mañanciña collera polo vello camiño de Oria para visitar a Celidonio, fillo dos que eran seus medio parentes Restituto e Hortensia. Andaba Celidonio de doenza en doenza nestes derradeiros anos.

Na altura en que naquel camiño se deixaban atrás as casas de Abrantes, o cabalo xa podía coller un trote venteado; de forma que lle levaría chegar a casa do Restituto apenas o tempo de fumar un par de cigarros.

Nesas ían doutor, *calesa* e cabalo, xa pola metade do camiño, cando tivo que tirar do ramal ó reparar en que a Luisa do Felipe lle saía a fiestra da súa casa acenándolle e dicindo,

- Bo día don Severino, ten que pararse con nós un retrinco se pode ser. Mire que o meu Felipe non levanta cabeza

dende que sentou para almorzar só
fai que suar e suar; mandounos abrir
todas as fiestras pero nin así lle paran
os suores, non é quen de pórse en pé.

As fiestras, todas abertas, ben se vían.
O doutor, parando diante da casa, faloulle
en voz baixa á señora Luísa,

- Xa vos dixen noutras ocasións que os
achagues do Felipe son doenzas
metafísicas, que o remedio é seguirlle
a corrente ata que caia en si.

Malia o esforzo do doutor por falar baixo, o certo é que o tal Felipe non se lle escapara o ruído do trote do cabalo que pasaba diante da casa. E menos aínda se era dos moi poucos que levaban *calesa*. De xeito que xa o temos dicindo,

- ¡Hai, don Severino, que afogo neste deserto!

E súa muller,

- Xa escoita vostede. Leva así todo o día. E todo se lle volve dicir que ten un oso solto nos miolos. ¡Deus nos asista!. Cando non é unha cousa é

outra. Non volveu a andar dereito dende o desgusto que lle dera a morte do seu curmán –xa sabe- por causa da cornada daquel boi que quedara todo o día ó sol.

Diante do desespero da señora Luísa, o doutor viuse na obriga de tomar cartas no asunto sen baixar da *calesa* ...

- Carallo de Felipe, !baixádemo aquí mesmo, que levo presa;

Sen mais falar a muller deixa a fiestra, entra na casa e coa axuda do fillo saen,

levándoo de cada lado nunha cadeira ó tal Felipe, un home que –se ben se miranda nos osos, sen barbear e sen peitear.

Póusano ó alcance do doutor,

- !Estende un brazo Felipe, e pon a outra man no peito, imos ver ese pulso;

Pois débese aclarar que o noso doutor era quen de tomar o pulso coa punta da súa fusta, que segundo el non había mellor condutor para tal negocio.

- Doutor, !estas peteiradas vólvenme tolo;

- Pero se non as tés Felipe, !só é que as soñas;
- O caso é que doen un mundo. Como se me fosen a estralar os osos da cabeza.

Tendo ó doente naquela posición tan axeitada o doutor aplicoulle unha técnica de hipnotismo superficial, que tiña moi ensaiada, abaneando a propia fusta de andar de a cabalo diante dos ollos do seu doente metafísico. E mentres isto facía, ía dicíndolle cunha voz fonda, moi calmosa,

- Escoita Felipe ... has durmir ... todo o día e toda a noite ... soñarás que curaches, e que estiveches na feira en Oria ... mañá cando espertes irás facer a cava.

E logo dirixíndose á súa muller,

- Deitádeo sen o mover moito. Se mañá pregunta algo, lle decides que onte, por hoxe, chegou moi canso. E pechádeme as contras, que vai vir moita calor ... pasar calor non lle viría nada ben.

Quedaron, a muller e o fillo de Felipe, facendo o mandado, mentres don Severino segue seu camiño cara o casal do Celidonio. Agora collendo un bo treito no que se beneficia da sombra que, a esa hora da maña, fan os bidueiros que hai pola beira do río.

Encontro co carteiro



A calesa do doutor Andrade

Non fixera o doutor máis que dar unha curva no camiño, enfiando cara a ponte que salva o regueiro chamado dos Muíños, para ver ó lonxe un home que está a reparar a súa bicicleta. Segundo se vai aproximando decátase de que se trata do señor Anselmo, carteiro de Abrantes, que vai uniformado mesmo cunha viseira do corpo de Correos.

Ó chegar cabo del dille, deténdose:

- ¿Pinchou o biciclo non si?
- Pois si don Severino. !Merda de camiños; Serán bos para ferraduras e rodas metálicas coma trae vostede, pero para rodas pneumáticas aínda non estamos preparados.
- Dígamo a min que quería xubilar ó meu *Moro* e houbo que esquecelo. En troques dun automóbil tiven que conformarme con mercar este vehículo sen motorizar ... Olle unha cousa: si quere, amigo Anselmo, lévoo comigo ata a casa do Celidonio que para aló vou a facerlle unha

visita. Amañaríase mellor alí para reparar a roda, beber un trago, lavar as mans e seguir co reparto. Porque mesmo aquí, nesta boa sombra, xa se nota que hoxe vai ir moita calor.

Este carteiro de Abrantes era un paisano non pouco falador que vira moito mundo. Adoitaba dicir tratándose de España, e para calquera lugar do que se falase, «*si chegan as cartas, seguro que eu estiven cerca*». Cargou na parte de atrás da *calesa* a bicicleta de correos que tiña a medio desmontar, e logo subiuse á

beira do doutor. Colleu un cigarro que este lle ofreceu -valorando cos dedos que fose de fábrica e non liado a man-, para continuar coa conversa,

- Agradécese o empurrón e o pitillo.

!Mala sorte ir pinchar case no comezo do reparto; ¿Que hora virá sendo?

- Sonche as once, case e media ... ¡Arre *Moro*! Falta media hora para a que se coñece como a *hora tormentina*.

- E, ¿que hora é esa don Severino?

- É troula de mariñeiros, Anselmo. É, coma se dixéramos, a hora da realidade das tempestades que andan agochadas nos mares, xusto cando

aínda non saben que rumbo coller. Nesa hora, os mariñeiros máis vellos din que estando alerta poderían apreixarse antes de que asomen o pelo. Polo menos para tornalas das partes habitadas. O mar, meu amigo, tamén está por estudar cientificamente ... Ti que percorriches moito mundo, ¿sabes que hora terán xusto agora en París?.

Anselmo cavila no asunto un momento, e mentres dálle lume ó doutor vendo que se lle apagara o pitillo, visto que ten

ocupadas as mans co ramal. Despois dun anaco contéstalle botando unha boa fumeira,

- Preto xa da unha. Alí chámanlle a hora do “*vermouth*”. Por certo, ¿sabe vostede que eu fun a primeira persoa do mundo que falou por teléfono con Lugo dende París?.
- Xa sería por algo urxente -replica o doutor-.
- !Quiá!, !que ía ser! ... un de Betanzos moi fachendoso dixo que ía falar coa Coruña. Entón eu dixen que tamén se podería falar con Lugo. El dixo que non. Eu que si. Apostamos unha

merenda. El estaba en que non se podía falar con Lugo porque lera nunha revista que só había teléfono de París «coas grandes capitais europeas» e, polo tanto, coa Coruña.

- Xa se sabe ... os de Betanzos. Pero ti ... ¿falar, falaches?

- !Vaia se falei con Lugo!. Co comercio que chaman “*La Gran Bretaña*”. Encarguei uns zapatos negros, do corenta e dous. Cando cheguei a Lugo, dous meses despois, alí estaban os zapatos, moi envoltiños nun estante, cun apuntamento que puña: «*Pedido telefónico de París*».

- ¿E non escoitaches falar aló por Lugo da carriola dun tal Novo? – pregúntalle o doutor-.
- Hase referir vostede a aquel Novo que se fixo curandeiro despois de vir do servizo militar. Dise que un cabo reenganchado lle pasou unhas receitas para as doenzas dos cabalos, e de por aló trouxo tamén unha desas carriolas de cadeas cun asento de pana verde. O tal Novo botaba a sesta nela e convidaba ós amigos a desfrutala. Din que, pola súa conta, caeu en que aquela carriola tiña propiedades curandeiras.

- ¿E púxose a carriolar doentes?
- Así fixo. Nun comezo só cortaba catarros a base de carriolarse, pero logo pasou a curar ó insomnio e mesmo ó raquitismo. Chegou a ter unha boa clientela, así é que deixoulle toda a labranza ós irmáns. Daquela xa vestía de negro e cambiara a boina por un sombreiro.
- Dise que mesmo tivo algún doente de moita sona ...
- En Lugo contan o caso dunha monxa asturiana que fora a velo cunha parálise, e que, despois de carriolarse

no aparello do tal Novo, xa saíu polo seu pe.

E nesas ía a conversa cando reparan en que xa están chegando a casa do Celidonio.

Don Celidonio



Casa de pescadores en Abrantes no regueiro dos Muíños

Chegaran á casa duns moi afamados pescadores. Pois as anguías e as troitas da casa de Celidonio eran ben coñecidas dende Abrantes ata Oria por mérito propio. Só el agora, e antes del seu pai Restituto, coñecía as pozas e correntes preferidas polas mellores pezas. As que logo remataban nas máis principais mesas da bisbarra.

Estaba Restituto, naquela hora da maña, á sombra dun emparrado que tiñan diante da casa limpando un bocoi. A casa é unha ampla construción de pedra que pola súa parte traseira da ó río.

Nada máis velos Restituto prende ó cabalo do doutor a un poste do emparrado, mentres os dous viaxeiros baixan da *calesa* cada un polo seu lado,

- !Bos días señor doutor ... e compañía;. Chegan xa pola hora da calor ... esperabámolo un chisco antes.

- Esa era a intención -di don Severino- pero de camiño para aquí, tiven que parar primeiro na casa do Felipe da Luisa e logo tiven que facerlle un remolque ó carteiro. Bo, a cousa é chegar con ben. ¿Como anda teu fillo?
- Pois dentro da casa lle está. Dende a súa última visita foise ensumindo ós poucos, leva agora xa días que lle deu por non levantar os ollos do chan. A miña Hortensia anda a cavilar en que imos ter que tirarlle algún demo que se lle meteu no corpo; mesmo me di de facelo coa axuda do cura do

mosteiro de Oria, que din que ten man de santo para estes casos.

- !Non te preocupes oh;. Que han ser os leucocitos ... nestas cousas o demo tanto da. Aviados íamos se non fose así, porque -has saber- que deica a fin do mundo o número de demos vai ser sempre o mesmo. Niso pouco pode axudar o cura do mosteiro. –E, dirixíndose ó carteiro-: Baixa a bicicleta que aquí téis todo o que precisas para amañala, si algo máis necesitas o señor Restituto ben seguro que te saca do apuro.

- !Quen llo quita; -di o aludido-.
Acomódate, Anselmo, e pide o que
precises ... pase, pase señor doutor,
veña ver como anda meu Celidonio.

Entran de seguido nunha grande cociña
coa súa lareira na que a señora Hortensia,
nai de Celidonio, está a picar patacas para
cocerllas á mantenza. Ó velos entrar,
deixa o que está a facer, limpa as mans e
vírase triste e seria cara eles. Logo,
ollando para Celinonio que está sentado
nun escano sen mover un dedo, coa

cabeza gacha e tapado cunha manta,
informa o doutor:

- Nin nos oe nin nos ve, señor doutor.
!Somos perdidos; ... de cando en vez
di: «*Perdín o fío*». E repíteo, repíteo
unha morea de veces. Ten a teima de
que o andar vai deixando como rastro
un fío, que para nós é invisible, e que
non debe rachar. Mire como tal é así,
que cando ía cara o café ou á leira
facía, calcadiño, o mesmo percorrido
de volta. E facíao para así poder vir
recollendo o misterioso fío. Mais
quixo o demo que o outro día se
cruzase, polo que nos contou, cun

automóbil que lle tronzou o fío, e dende entón quedou sentado no escano.

O doutor Andrade que era sabedor xa por outras ocasións do que había, púxose por fronte do doente e pegoulle este forte aturuxo:

- !Parece, meu home, que andas a buscar a cagada do lagarto;

Cousa que polo menos fixo que Celidonio erguese a cabeza e reparara na presenza do doutor. Iso mesmo era o que

este precisaba para esculcar a fondo nos ollos do doente. E xa, sen máis recoñecementos, foise cara a mesa da cociña a redactar o seu mandado para a farmacia,

- Dádelle dúas culleres deste xarope pola noite e unha destas pastillas cada catro horas. Debe estar deitado. Pode ser mesmo no escano de non querer ir para súa cama. Que non beba leite, e si non acepta auga que a tome camuflada con anís. Máis nada. Veño maña pola tardiña e vexo como vai.

Sendo xa mediodía o doutor mandou apagar a luz eléctrica. Pero, en canto tal se fixo, o Celidonio saltou como un resorte,

- !Non a apaguedes, que non vai volver;
- Pero pasmón ... –contestoulle o doutor- ... !Pensas que os electróns van perder o fío coma ti;. !Aviados íamos;

Ó saír da casa, o pai que estivera calado e moi atento a todo o que dentro da casa sucedera, preguntou

- Daquela, don Severino, ¿non é o primeiro caso?
- Non, home non. O que pasa é que son casos que andan moi calados. Mañá se vai mellor, que irá, dádelles manzanilla con anís despois de xantar; e ánimo a que te acompañe a pescar, non lle viría nada mal tomar boa conta das troitas que está perdendo.

No tempo que levou a visita, o carteiro –que xa amañara o seu biciclo- e que estivera folleando un vello xornal que o

Restituto tiña riba do bocoi que estaba a amañar cando chegaron, non poido por menos que preguntarlle,

- Señor Restituto, ¿como é que perde o tempo a ler nun xornal de hai xa cinco anos?

Esta foi a contestación daquel vello pescador de río,

- Os camiños do mundo non consultan comigo, Anselmo; para min este xornal é tan de hoxe coma vai ser o de mañá. Gárdense do sol ... e teñan boa viaxe de regreso a Abrantes.

No ateneo de Oria



Membros do Ateneo de Oria

O sábado seguinte, pola tardiña, o doutor Andrade saíu para Oria na súa *calesa*, onde tiña costume de pasar unhas horas no Ateneo. Aquela semana prometérase non faltar pois íanse proxectar no seu cinematógrafo dous documentais de moita actualidade: un sobre a vida celular e outro sobre métodos modernos de produción.

Só no máis duro do inverno collía o tren para achegarse a Oria. Pois sempre que o tempo o permitía prefería facelo pola súa conta; para así non depender da hora de regreso do tren correo da noite que viña da costa.

Na praza maior de Oria –onde está o Ateneo- tamén se atopaba daquela a súa barbaría, un par de oficinas bancarias, a correspondente de correos e máis a farmacia. E no seu centro había un busto dun heroe local, que o fora nalgunha guerra esquecida.

O doutor da volta ó monumento para así entrar por fronte mesmo do Ateneo e estacionar a carón do único automóbil que naqueles tempos residía de forma permanente en Oria, que era propiedade do dono da cerámica e máis da central eléctrica.

Xa dentro do portal e na súa planta baixa podíase ler, en grandes letras nunha placa de bronce, a declaración de intencións da institución. Fora unha resolución aprobada en memorable sesión plenaria a proposta do seu Presidente, rezaba así:

**« EUROPA LINDA POLO NORTE CO OCEÁNO
GLACIAR ÁRTICO, POLO LESTE CO RÍO
KARA, OS MONTES URAIS, O RÍO URAL E O
MAR CASPIO; POLO OESTE CO OCEÁNO
ATLÁNTICO, E POLO SUR CO CÁUCASO, O
MEDITERRANEO E OS PIRINEOS.**

**O APÉNDICE CHAMADO PENÍNSULA
IBÉRICA, ARREDADO DE EUROPA POR
CINCO SÉCULOS DE CULTURA, PERTENCE
ESPIRITUALMENTE Ó SAHARA.**

**NESTE DESERTO HAI ALGÚNS OASIS, E UN
DESTES OASIS É ESTE ATENEO DE ORIA.**

**AQUÍ PENETRÓU A CORRENTE CENTRAL
DO PENSAMENTO EUROPEO »**

O doutor Andrade pasa xusto por diante deste manifesto; sobra dicir que comparte a carta cabal o que nel se di.

Por fronte daquela placa, e ocupando toda a parede, estaba «*O Fontán*». Así era como chamaban coloquialmente os membros do Ateneo ó monumental mapa de Galicia que fora enviado -previo

encargo- dende París pola imprenta *Lemercier* daquela cidade, que o editara aló polo ano 1845.

Aquel mapa resumía ben a filosofía do Ateneo de Oria por, ó menos, dúas moi poderosas razóns. A primeira porque era -sen dúbida algunha- o primeiro mapa científico do país. O seu autor, o galego Domingo Fontán, fora pioneiro en aplicar as máis modernas técnicas topográficas e trigonométricas, valéndose dun teodolito (un círculo repetidor astronómico) que encargara a un óptico de París. Tamén utilizara un dos primeiros metros legais que chegaran a España dende aquela

capital europea. Abonde dicir no seu mérito que habería que esperar máis de cen anos para que o conxunto de España puidese contar cun mapa de semellante factura.

A segunda razón tiña que ver con o seu autor ocupar nada menos que a cátedra de *Matemáticas Sublimes* na Universidade de Santiago. Cátedra da que sería suspendido polas súas ideas liberais. Foi daquela, nos dezasete anos que van de 1819 a 1836, que Fontán percorrería de a cabalo, e moitas veces a pe, todos e cada un dos recunchos do país para poder dar cabo do seu mapa. Que el

dera en chamar *Carta Geométrica de Galicia*.

Ninguén tiña feito tal cousa deica entón. Tal como el mesmo deixou relatado, tivera que trepar e estacionarse en montañas desertas, durmir en galpóns miserentos fuxindo mesmo das poucas comodidades coas que, daquela, se contaba nas vilas galegas. Ninguén tiña camiñado nin pola metade das congostras, corredoiras, corgos, vereas, rueiros ou quenllas polas que el o fixera. Percorrera na súa vida, segundo deixou escrito, máis de dez mil pobos e aldeas. Esa *Carta*, «O Fontán», era en sen dúbida

algunha a primeira e auténtica imaxe científica de Galicia.

Ó enfiar as escadas que levan o primeiro andar do Ateneo, deixando a dereita «O Fontán», o doutor Andrade xa escoitaba o altofalante dun cinematógrafo.

Para quen non teña entrado no oasis ilustrado que era aquel Ateneo, abondará dicir aquí que no seu primeiro andar dispúñase de varios tresillos e sofás para facer *tertulia*, así como de varias mesas para xogar billar, naipes ou dominó. Había tamén varias vitrinas cunha morea

de trofeos e placas de recoñecementos, e nas paredes fotos de xuntanzas senlleiras das sucesivas directivas. Sen esquecer que, en lugares destacados, amosábanse maquetas a escala dos achados de inventores locais, Salientable tamén era a longa barra do bar que dobraba o salón por causa dun grande espello que, de vez, facía o propio coas moitas botellas de viños ou licores que lucían nos estantes.

Nesta época do ano tiñan todas as fiestras e balcóns abertos cara a rúa, para que así correse fresco e saíse o fume do tabaco. Pois xa fose en picadura, cigarros, habanos ou cachimba hai que

recoñecer que os membros do Ateneo de Oria eran, con moi poucas excepcións, animosos fumadores. E non menos animosos bebedores de café.

Cando o doutor Andrade toma asento, e saúda os presentes coa cabeza, ven de rematar o documental titulado “*O sistema de pasar a ferro alemán*”, que vai dar pé a vizosos comentarios,

- !Temos que proxectar estas ideas sobre a base do país; -di un-
- Certo -di outro ateniense-. E iso supón reconverter o alambique e a

roda de afiar sobre a base da hixiene,
da química e da mecánica

- !Xa estou vendo nas adegas o alambique eléctrico, e polos camiños a roda de afiar a vapor; -engade un terceiro-.

Daquela todos saúdan ó recen chegado,

- Benvido, don Severino
- Boas tardes. Sinto chegar con retraso, de todos xeitos o programa de hoxe xa o coñecía. E xa que chego o derradeiro, permítaseme ser o primeiro en intervir collendo o tema,

como se adoita dicir, polos cornos. Creo que non esaxero: estamos de acordo en que a perfección nos tempos que corren consiste en acomodar a nosa vida ós portentosos adiantos da mecánica, da electricidade, do magnetismo, da termoquímica, da histioloxía, da aerostética, da bacterioloxía, da sicofísica, da bioquímica e da termodinámica, ...

Todos asenten animados polo peso e precisión dun argumento que seguen coa máxima atención,

- ... non se trata de cartos –segue a falar o doutor- o que cómpre para iso é ceibar á Humanidade da ignorancia e do fanatismo que ateigan os miolos das pobres xentes; mentes ás que non chegan as portentosas luces da ciencia moderna.

Neste punto intervén don Xaquín o boticario,

- Por iso eu quixen, dende o comezo, que este Ateneo fose un centro de cultura popular, que espallase as luces da ciencia en tódalas clases sociais. Propoño que programemos un labor de transcendencia social, unha pequena Universidade Popular, con clases para obreiros e unha biblioteca circulante, onde cada un atope os coñecementos de máis aplicación ó seu oficio: o agricultor ó cultivo das vides americanas; o carpinteiro á composición de verniz, o industrial ó emprego de motores de gas pobre ...

- Iso –remacha don Severino-. Nada de teorías, hai que centrarse nos coñecementos aplicados, prácticos. Logo, nas nosas conferencias semanais, perseguir arreo un mesmo fin educativo: esquecerse do arte ou da arqueoloxía e falar da célula, dos glóbulos vermellos, do hidróxeno, do carbono.
- Esa labor –di don Cesar, xefe de correos- é no campo onde hai que facelo, eu coñezo ben a vida rutineira dos nosos labregos ...
- !Certo; -concorda don Severino-.
!Compre arar aquel ermo espiritual;

... Eu mesmo me atopo alí illado e arredado da civilización e do progreso. Menos mal que conto coa compañía do noso colega de Ateneo don Luís, o xefe de estación ...
¿Porqué non se animan vostedes a vir a Abrantes neste verán?.

- ¿Pois sabe que non é mala idea? –di don Juan que é o referente local do gremio bancario-.

Ollando que a cousa colle xeito, e era ben recibida, o doutor Andrade engadiu,

- Abrantes xunta as mais doadas condicións para veranearen persoas cultas: ó pé do río para se ir a bañar, tres trens diarios, alimentos sans, camiños ben sombreados con arborados do país, ...
- Unhas semanas de descanso, de convivencia coa Natureza, viríanos ben a todos –asentiu don Cesar-.
- Conforme –resolveu don Juan, que era o Presidente actual do Ateneo-.
Propoño que fagamos unha sorte de colonia escolar de adultos.

Chegados a este punto só restaba que don Felisindo actuase como secretario da xuntanza. E deu lectura as seguintes propostas, que foron aprobadas por unanimidade,

1º Rematados os exames de ensino libre, ou sexa, na segunda quincena do mes de San Xoan, establecerase en Abrantes a colonia de vacacións do Ateneo de Oria.

2º Será director da colonia don Felisindo Pérez García, inspector de

escolas da provincia, quen redactará o regulamento polo que a colonia terá que rexerse.

3º Don Severino, médico de Abrantes e membro nato deste Ateneo, encargárase de apousentar ós veraneantes e máis do abastecemento da colonia.

Una vez aprobadas as propostas, e antes de levantar a sesión, don Felisindo anuncioulles a todos os presentes a próxima visita ó Ateneo de dous

sobranceiros fotógrafos norteamericanos que estaban a percorrer Galicia. Tamén de que, con tal motivo, íaselles agasallar cun xantar que tería lugar alí mesmo o vindeiro 26 de xuño, xantar ó que, por suposto, todos os presentes quedaban invitados.

Co Moncho



O Siño nun debuxo de E. Campo

Na tarde do día seguinte, por acaso un dos primeiros domingos daquela primavera, o Siño combinara de verse co seu amigo Moncho. Deixaran atrás unha semana de escola e de botar man nos moitos traballos das súas casas.

Máis antes diso Siño tiña que pasar por onde seu pai, que a esa hora andaba na rega da horta. Aquela horta

-ó pé do regueiro- era toda unha facenda: de alí saían patacas e toda clase de verduras, pasando por tomates, fabas e cantas hortalizas se precisaban na casa. Sen esquecer tamén unha nogueira e varios pexegueiros. Xusto á sombra da nogueira estaba a espera seu pai –que xa o vira vir ó lonxe- liando un cigarro.

Como o Siño ía vestido de domingo puña bo coidado en non estragar a roupa, sobre todo os zapatos, que eran case do trinque. Para iso tiña que esquivar toxos,

xestas e silveiras das leiras que daban ó camiño; terras que quedaran a ermo por causa da emigración dos seus donos. Pero sobre de todo tiña que ter coidado coa lama dos campos, pois había pouco que foran regados.

Conta con que seu pai lle pague os dous patacóns de domingo, cousa que tiña por costume facer si nesa semana non houbera queixa da boa disposición do rapaz sempre que se fixera preciso que botase unha man en algo. Nas contas de Siño os patacóns xa estaban gastados: un para ver a película que daban as sete no café de

Alberte (a entrada era con gasosa incluída), o outro ía ser para o que el chamaba «*o experimento*».

- Moi cedo saes esta tarde –dille seu pai, apoiado na aixada-
- Non crea, meu pai. Xa o Moncho debe levar un bo rato á miña espera na fonte do camiño á estación.
- Non sei que estaredes argallando ti e máis o Monchiño. ¿Non che deu paga de domingo túa nai?
- Díxome que lle pedira a vostede

Seu pai cisca unhas moedas que saca do seu peto na man, e escolle os dous patacóns cos que conta o Siño,

- Ben ... daquela aquí a tés. A ver si aínda andas así de limpo as sete no café de Alberto. Ben sabes que levas roupa nova de domingo. De non ser así tornas para casa, sen película.
- Perda coidado meu pai. Así vai ser pola conta que me ten. A película de hoxe do Charlot non podo perdela, e menos por enredar coa roupa nova.

Siño, xa cos dous patacóns no peto, fai con moito coidado o camiño de volta a casa. Logo tira cara a fonte que hai diante da barbaría que xa coñece o lector. É nese lugar que quedara co Moncho para, dende alí, ir cara a vía do tren.

Aquela fonte chamabámola na aldea *A da figueira*, pola árbore que lle daba sombra. A Siño sorprendeulle ver que o Moncho aínda non chegara; pois quedaran a iso das catro para poder baixar, con tempo abondo, cara as vías do tren antes do paso do correo da tarde.

Sen sentarse, por non lixar a roupa, bebe na fonte e ponse a esperar. Nesas está cando ... !case lle cae enriba seu amigo; ... que estaba á súa espera agochado nunha póla da figueira, fumando un cigarro que lle pillara a seu pai.

Papou un bo susto, e disimulou como poido ...

- ¿E logo non téis nada mellor que facer que caer dunha figueira sen figos?
- ¡Bo susto levaches; Xa crin que non te deixaban saír, levo aquí un bo anaco.

- Has saber que si chego algo tarde e por mor destes raio de zapatos. Dende que mos mercaron non fago máis que andar a dar rodeos para non metelos na lama, por non estragalos.
- Pois daquela ... -plantándolle Moncho enriba un dos seus zapatos- ...
!vouchos estreari;

Quedaron estreados aqueles zapatos. O Moncho saíu coma un foguete, mentres o Siño queda atrás na fonte limpando a pegada nos zapatos novos cun pano que saca do peto. Como o dano nos zapatos

novos non fora grave, moi pronto sae a correr tras do seu amigo.

Ós poucos xa van collidos polos ombreiros, dando chimpos e asubiando. Contentos, pois van camiño da vía do tren a facer o seu “*experimento*”.

Para o tal experimento os dous amigos van estar á espera do tren correo, unha vez que se deteña e saia da estación de Abrantes; pois sendo así non levaría aínda moita velocidade. No experimento o importante ía ser o peso do tren, non tanto a velocidade. A moita velocidade mesmo podería estragar todo o asunto.

Para tal facer agocháronse nun souto que hai despois dunha curva que fai a vía antes da ponte vella. Pois xusto era despois desa curva que Siño ten cavilado facer aquilo que non fora quen de tirar da cabeza en toda a semana.

- E, ¿estará ben o que imos facer? – díxolle Moncho cando xa estaban naquel souto-. Unha vez escoiteille ó mestre que os cartos son tal que sagrados, que a xustiza castiga a quen os estrague.
- Non ha ser para tanto. Hai anos o meu avó pódose moi serio, soltou na mesa -cando falaba todos calabán-

que o diñeiro debía ser como as patacas; que os que non se gastaran, ó cabo do ano debían podrecer. Seu irmán, meu tío Xosé, levantouse da mesa e dixo que iso non podía ser, que non podía pasar ... que iso sería o *narquismo* ou algo así.

- Non me estraña que teu tío dixera iso, cos centos de pesos que debe ter agochados. E agora que o penso ... ¿lémbreste daquela película na que un *gánster* prendía un habano cun billete de dúas pesetas? , ¿e sería un *narquista* deses?

A conversa era, ben se pode ver, moi animada, máis, en canto escoitan que o tren ven de parar na estación, cousa que sempre ía acompañada de dous grandes asubíos que anunciaban a saída, vanse cara as vías. Siño saca entón un daqueles patacóns, pousándoo nun raíl con moito aquel para que quede ben centrado. E volven bulindo a carón do castiñeiro, pero sen perder de vista a moeda.

Xa o correo de Medina del Campo que está a saír de Abrantes para Oria, se acerca cara onde eles están, con pouca velocidade. A fumareda da locomotora é o primeiro que se deixa ver. Pouco a


pouco o rebumbio da máquina non deixa escoitar outra cousa. Un rabaño de ovellas que andaban a pastar por alí, malia que están nuns lameiros algo máis lonxe, bótanse a correr na dirección contraria do tren.

Nada máis pasar o derradeiro vagón, o que leva o servizo postal, os dous amigos van na procura do patacón *experimentado*. Que xa non está no sitio, era de esperar, onde quedara pousado. Supoñen que non pode andar moi lonxe. E pouco tardan en atopalo, e así comprobar a esmagadora presión da máquina de vapor.

O patacón agora xa é unha peza única. Nin o ferreiro de Abrantes podería facerlle cousa semellante. Deciden telo por quendas, un día Siño e outro Moncho, para poder gabarse diante dos amigos.

Nesas están cando escoitan a bomba de palenque coa que se avisa a todos os veciños de que no café do Alberte está xa a piques de comezar o pase da película que -unha vez ó mes- trae a Abrantes un cinema ambulante. E cara alí se van.

Domingo de cine



O cinema ambulante “Rufino” pasaba hoxe en Abrantes a súa sesión mensual; ía ser, como sempre, no café de Alberte, como cada derradeiro domingo de mes. Estivéramos todo un mes, xa que logo, á espera da película que quedara anunciada para a seguinte sesión, nun cartel que o propio Rufino deixaba colgado por fora do bar.

Tiña sido o tal Rufino, en tempos, mecánico ferroviario nos talleres de Monforte de Lemos; daquelas habilidades e da súa amizade co dono dun cine desa vila viñéralle a idea de facerse cun cinema ambulante. E dende aquela, xunto coa súa dona Hortensia – que lle dobraba en estatura e non digamos no peso- ían dunha a outra aldea nunha motocicleta con sidecar. Vehículo que mercara nunha poxa de material militar para ferralla pero que logo el, non sen traballo, recompuxera.

Velo chegar xa era todo un espectáculo. O piloto Rufino, un home

pequeno tocado con grandes gafas de aviador e pucha de coiro, por riba da grande máquina mentres a súa voluminosa axudante viña encaixada no pequeno vehículo auxiliar no que tamén carretaba na súa parte traseira boa parte do equipo de proxección. O conxunto adoitaba aparecer na praza, na que estaba o café-bar de Alberte, envolto nunha non pequena polviceira que, naquela época, sempre levantaba os nosos camiños ó paso dun vehículo motorizado.

Como lle contara Siño a seu pai a película que quedara anunciada para este domingo era do mundialmente coñecido

Charlot. Titulábase “*Vida de perro*”, pois todas as películas viñan rotuladas en español, e prometía ser tan sonada como outras que do tan famoso Charlot o señor Rufino trouxera a Abrantes. Siño lembrábase ben dalgúns daqueles títulos: Charlot mariñeiro, no teatro, vagabundo, ... que foran todas moi comentadas e aplaudidas polo público abrantiano.

Unha vez chegado o sidecar do cinema Rufino, mentres el argallaba o proxector no fondo do bar e colocaba o grande lenzo branco na parede que había por fronte da barra, a súa dona axudaba o Alberte a compor ringleiras de bancadas

valéndose de longos taboleiros sobre caixas de gasosas. Por tras destas bancadas ocuparían sitio aqueles que traían a súa propia cadeira ou tamborete de casa, e, xa por último, os que ollarían de pé a proxección.

Rematados estes preparativos, a señora Hortensia colocábase na porta do bar para ir cobrando a entrada: un patacón ós cativos, dous ós maiores. Todos co dereito a consumir unha gasosa.

Cando Moncho e Siño entran ese domingo no café cinema, logo reparan en

que Emilio, alcumado “*O Pernas*”, está a falar con Rufino mentres este prende e apaga a luz do proxector, comprobando o resultado na improvisada pantalla,

- ¿O Charlot, as casas e os coches cavilo eu se virán polos fíos da luz eléctrica? ¿non si? –estalle a preguntar Emilio *O Pernas*-

- !Que han vir, Oh¡ -dille Rufino-.
Aténdame ben, e mire señor Emilio: as casas, os coches e Charlot están nesta cinta negra. A luz eléctrica, e máis a máquina, o que fan é agrandalos e darlles movemento para que se vexan ben.

- Pois a min díxome don Luís o xefe de estación que o telégrafo mándalle as letras e as palabras todas ben ordenadiñas polos fíos, que así chegan a Oria e, dende alí, a Abrantes. E é moi sabido que o noso carteiro, señor Anselmo, falou con Lugo dende París e que a conversa foi e veu polos arames do teléfono.
- !Carallo!. Dígoche que non – dille Rufino ó “*Pernas*”-. As letras ou as palabras non son nada comparadas co mundo todo que sae no cine. ¿Como se vai meter un coche ou mesmo un cabalo polos fíos da luz, do teléfono

ou do telégrafo? ¿Non te das conta que non caben?

- Podíanse apertar ...

- E logo saír todos esmagados ...

!vaites, oh!, !valías ti para inventor!

Que Rufino entendía moito da mecánica moderna, e do que podería dar de si, sobra dicir que para Moncho e Siño eran cousas que non tiñan dúbida.

Os dous amigos fóronse pouco a pouco cara as bancadas de adiante, pois querían sentar nas primeiras ringleiras, e foi nesas cando repararon que tamén

andaban na procura dun sitio onde sentarse Mario e súa irmá, Elisa. A Siño tiráballe Elisa, ela sabíao e non lle era indiferente. De xeito que cando lle dixo,

- Si sentas ó meu lado déixoche ver unha cousa que non ten máis ninguén ...

Elisa aceptou, movéndose un chisco de asento, e foi así que se poido gabar de ser a primeira en Abrantes en coñecer a aventura do patacón experimentado na vía do tren. Porque, se ben se mira, o asunto non era calquera cousa para unha

tarde de domingo na aldea de Abrantes. Siño tirou do peto aquel patacón para amosarllo, como proba cabal que o demostraba.

Fora, sen dúbida, un patacón moi ben empregado. Mesmo podería, !quen sabe!, valerlle o alcume de “*narquista*” por parte de seu tío Xosé. Case nada: Siño o *narquista*.

Xantar cos Anderson



Chega o tren a estación de Oria

Tal como no seu día fora anunciado unha mañá daquela primavera tivo lugar a visita dos tan esperados fotógrafos norteamericanos ó Ateneo de Oria. Tratábase, nada menos, que dunha encomenda da *Hispanic Society of America* para facer unha moi ampla reportaxe sobre Galicia. Traballo que estaban a realizar Alfred T. Anderson e súa filla Ruth. A sociedade filantrópica

para a que os dous traballaban era teima dun mecenas, magnate dos ferrocarrís, daquel país. Coma axiña comprobarían os membros do Ateneo, na moza Ruth recaía a maior responsabilidade pois era quen levaba a axenda dos traballos a facer, e tamén quen se manexaba tanto en castelán como en galego.

No seu día recibírase no Ateneo unha carta –con remite da Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra– informando dos importantes traballos destes fotógrafos, carta na que se pregaba concertar con eles unha xuntanza; na tal xuntanza poderían explicar as súas

necesidades, e, si fose o caso, recibirían de boa gana suxestións e contactos que lles permitisen facer mellor o seu traballo, tanto na propia provincia como no conxunto do país. De contado se aceptou o pedido, e xa só se quedara á espera de que os propios fotógrafos concretaran, por telegrama remitido ó Ateneo, a mellor data e hora para aquela xuntanza.

Isto así, días despois recibírase un telegrama, asinado por Ruth M. Anderson, no que se lles anticipaba que farían parada en Oria, nunha viaxe en tren que tiñan programado entre A Rúa e

Guillarei, para logo continuar cos seus traballos na vila de Tui. Como queira que aquela parada lles permitía dispor de tempo bastante entre a hora da chegada a Oria e a saída cara Guillarei, para a xuntanza e para xantar, combinouse que tivese lugar no propio Ateneo. Para todos os asistentes habería uns entrantes de xamón e embutidos, logo troitas en escabeche e, para rematar, arroz con leite. Iso máis bebidas e cafés, cousas das que estaba moi ben fornecido o servizo de bar do propio Ateneo.

Co que, no día e hora sinalados, foron a recibilos a estación de Oria o Presidente

e máis o Secretario do Ateneo; acordaron que durante as horas que ían pasar en Oria quedarán na consigna da estación os non poucos aparellos precisos para o seu traballo: catro maletas, dúas cámaras nas súas fundas e un trípode. E sen máis demoras fóronse cos dous ilustres visitantes cara o local do Ateneo.

No seu primeiro andar xa quedara todo disposto para a xuntanza e o xantar; non faltaba ningún dos socios que nos son coñecidos –incluído o doutor Andrade-. Tamén se conseguira que estivese presente, sobre todo para atender ó señor Alfred que só se manexaba no seu

idioma, un enxeñeiro británico –o señor Barber- que estaba a traballar para unha compañía daquel país por terras de Montefurado.

Os membros do Ateneo, nunha xuntanza previa, debateran entre eles cales podían ser as, ó seu xuízo, mellores propostas para dar conta da situación de Galicia. E foron as que lle propuxeron a señorita Anderson e a seu pai no comezo daquela xuntanza: tal que a carga, de gando ou madeira, na estación de ferrocarril de Monforte de Lemos para a súa exportación, a Misión Biolóxica de Galicia, fábricas de conservas, centrais

de xeración eléctrica, as modernas cerámicas de ladrillos, a ponte internacional con Portugal ou o moderno farol de Fisterra.

De xeito moi cordial, i en perfecto galego, a señorita Anderson tomou nota só das dúas últimas suxestións, explicándolles que a sociedade para a que traballaban estaba interesada sobre todo nos aspectos máis tradicionais do país e non tanto nos mais modernos. Que o seu traballo se centraba sobre todo no que tiña que ver cos traxes, roupas e costumes tradicionais, aínda que tamén eran do seu interese mosteiros, feiras ou oficios.

Comentou logo de vagar algunhas das cousas do país que máis a sorprenderan. Unha delas era, así a chamou, a marea migratoria. Relatou como entre Muros e o Pindo un grupo de mulleres, que traballaban en carrexar leite por aquelas corredeiras, lle pediron que as levase para América. En Muxía comprobaron como case todas as familias tiñan algún membro emigrado; xa en América do Sur, xa en Cuba, e mesmo en Nova York ou Nova Jersey. Noutra ocasión repararon en que no grupo de nove mozos dunha aldea había só dous homes e nove rapazas, pois o resto dos mozos

marcharan para Brasil, Arxentina ou Cuba.

Naquela sobremesa a señorita Anderson, que para sorpresa de todos deu proba de ser boa coñecedora da obra de Rosalía e mesmo de Pondal, confesou como foi un grande descubrimento para ela o ter chegado a entender a importancia que para os labregos galegos tiña o moito toxo que hai nos montes. Na Fonsagrada aprendera que se usa para queimar nos fornos, tamén para facer a cama dos cabalos e doutro gando; e como se sorprendera ó saber que as bestas o comen cortado miúdo e como, mesmo, as

perdices fan baixo dos toxos os seus niños. Que, por exemplo, no mercado de leña en Betanzos o toxo era preferido despois do carballo; por riba do piñeiro e mesmo do castiñeiro. Por iso dixo ter unha grande mágoa de que nas fotos non puidese recoller a fermosura do seu verdor e das súas flores con aquel rechamante marelo.

Seu pai Alfred, gracias ás traducións do señor Barber, fíxonos saber -cun grande recoñecemento- que estaban a probar en Galicia os mellores xantares do

mundo. Que nada tíñamos que envexar ós máis grandes países no que atinxe á cociña. E moitas risas provocou a súa descrición dos percebes, en palabras do seu tradutor, como *«unhas cousas negras que semellaban pes de galiña»*.

Quedouse en fin, e de moi boa gana, en que nunha vindeira visita que concretarían canto antes acercaríanse ata Abrantes para fotografar algúns nenos xogando coas súas buxainas. Tal como lle explicou o doutor Andrade, e a señorita Anderson anotou nunha libreta: *«o xoguete envólvese co cordel ata o extremo en punta, tírase ao chan ao*

tempo que se turra da corda; logo, cóllese o xoguete, que segue a bailar na palma da man, e tirase sobre outro fixo no chan: os xogadores expertos tírano e cólleno, tírano e cólleno, aínda xirando, polo menos unhas oito veces».

Tamén –díxolles aquela esperta fotógrafa- terían moito interese en fotografar tanto afiadores e amañadores de paraugas, como nenos xogando con outros enredos tradicionais. Cousa que quedou don Severino en acordar cun veciño seu.


Pola súa banda o enxeñeiro Barber informoulles que en Montefurado, onde a empresa para a que el traballaba estaba a escavar por baixo do río Sil para dar cunha mina romana de ouro abandonada había séculos, podíase aínda ver o túnel feito polos propios romanos para deixar paso ó río. E que tamén poderían facer boas fotografías, na montaña que está por riba do río, dunhas ben conservadas ruínas romanas.

E, como queira que Montefurado queda no propio traxecto en tren cara Abrantes dende a costa, tamén iso

quedou anotado na axenda de traballo dos que xa eran nosos bos amigos.

E tívose que levantar a sobremesa, que podería terse alongado por moitas horas, para que os convidados chegasen a tempo de coller o seu tren para Guillarei. Non sen antes tomar nota dunha referencia que lles podía ser útil na vila de Tui. Tratábase da filla dun amigo do noso secretario don Felisindo. Pois, aínda que vivía en Madrid, pasaba os veráns naquela súa vila natal e falaba moi ben o inglés por ter estado en Nova York nunha prolongada viaxe de estudos.

A natación científica



Só o domingo tiña día de lecer o xefe de estación. Ese día un suplente de Oria viña a Abrantes para atender o servizo. E por iso non había partida na estación co doutor Andrade, pero era o día no que o señor Luís acostumaba acercarse a casa do doutor, onde sempre era ben recibido, pois tampouco era día de consultas, nin andaba na casa a señora que lle levaba todas as faenas domésticas.

Convén aclarar, neste punto, que o doutor quedara solteiro e sen compromiso dende que morrera nun accidente a namorada de Oria coa que se ía casar.

Aquel mesmo domingo da función de cine, e mentres Siño e Moncho andaban na vía do tren co seu experimento, o señor Luís fórase cara a casa de don Severino como facía case tódolos domingos.

Despois de petar na porta, e ó non ter resposta, entrou. Pois o costume era que a porta estivese só arrimada, e tamén que

o doutor estivese enfrascado pola casa con calquera asunto.

Ó escoitar unha radio que o doutor ten no seu despacho, cara alí colle don Luís pois case seguro que era onde andaba seu amigo. E, como queira que a porta está a medio abrir, xa dende fora albisca un panorama insólito: o doutor en mangas de camisa, debrozado por riba dunha camiña que ten para ós doentes, e -nese momento- con pernas e brazos no aire imitando compasadamente os movementos dunha ra.

Sen descomparse nin alporizarse o xefe de estación abre de todo a porta, co que o doutor, véndose collido na súa argallada, brinca ó chan, apaga a radio eponse a chaqueta que ten pousada no sofá.

- E logo -dille don Luís cun aquel de retranca-, ¿estaba a facer ximnasia sueca?

O doutor contéstalle atrapallado, tal como faría alguén collido en panos menores,

- !Meu amigo; ... inda non lle dixera nada, ... !queríalle dar unha sorpresa;. Non é ximnasia propiamente.

- Pois, se non é ximnasia, non me explico o que andaba a facer.
- Amigo meu –dille o doutor pódose confidencial-. ¿Vostede sabe o que imos facer este verán os membros do Ateneo, aquí, en Abrantes?
- Ben seguro; seino de boa tinta: !unha colonia ilustrada¡.
- ¿E vostede sabe que, nas excursións campestres programadas, teremos que nadar no río?
- Home, agora que o di ... é boa idea; á que de boa gana me sumaría.
- Ben, ¿e vostede, amigo Luís, sabe nadar?

- Pois, agora que o di ... saber non sei.
- Pois eu ... –dille o doutor moi fachendoso- ... !estou aprendendo;
- Vamos ... –resposta don Luís pensativo, cun esforzo de concentración- ... !xa caio;, !está vostede aprendendo a nadar en seco;

O doutor Andrade, agora xa moi seguro de si, colle un libro ilustrado que ten pousado no seu escritorio, pono diante de seu amigo e dille:

- !Hai que principiar así;. Estou aprendendo a nadar segundo un

método científico. Non empírico. E,
se non o cre, mire ben isto ...

E lévao cara o encerado que ten no
despacho (que se ve moi ben dende a
posición na que estaba a facer os
movementos da ra hai uns intres),

- ... aquí teño copiado o índice deste
tratado teórico-práctico alemán así
como os debuxos da primeira lección.

O xefe de estación empeza a ler en voz
baixa, primeiro asombrado e pouco a

pouco convencido, o índice que ten copiado don Severino:

Prologo do autor

Prologo da edición sueca

Prologo da edición francesa

Introdución

Capitulo I. Razón do Plan

Capítulo II. Obxectivo e fin da natación

Capítulo III. A natación como ciencia e como arte

Capítulo IV. Relación da natación coas demais ciencias

Capítulo V. Bibliografía da natación

E mesmo unha segunda parte cun resume histórico da natación que así principiaba:

Capítulo I. A natación nos tempos primitivos

Capítulo II. A natación dos pobos de Oriente

Capítulo III. A natación en Grecia

Capítulo IV. A natación en Roma

Cando remata de ler os índices dille don Severino cheo de razón,

- ¿Que?, ¿a que non esperaba tal cousa?

- Pois ... –arríscase a dicir o xefe de estación- pode que ben mirado sexa unha das ramas máis importantes da termodinámica dos sólidos en fluídos e, de rebote, da ciencia moderna.
- Repare na bibliografía ... –mentres o doutor lle amosa as páxinas no groso manual-, olle o número de obras de referencia en alemán que cita o autor.

Neste punto don Luís, que pasara de estar pasmado a convencido da feito, engadiu:


- !Para min non hai ningunha dúbida; Ningún home culto ten dereito a ignorar unha ciencia xa constituída e sistematizada como é o caso da natación. –E, quitándose os anteollos que puxera para mirar no libro, continúa-: Está ben don Severino, xa me pode explicar como se aprende a nadar polo vieiro científico.
- !Ben seguro;. Máis tenme que prometer non contar nada a ninguén, nin en Abrantes nin en Oria, nin sequera ós expedicionarios. Bo é que vostede o saiba, pero ten que quedar entre os dous.

- Prometido queda, amigo Severino, xa sabe que son de lei.
- Nós no seu momento –di o doutor desfrutando xa aquel día- chegamos alá e nadamos coma todos, sen que ninguén teña necesidade, de entrada, de saber como aprendemos.
- Home –replica o seu amigo- eu na auga non me meto por mor do reuma; máis, fora dela, nunca sobra aprender a nadar. Inda que non sexa máis que por precaución, para un caso de apuro. Ninguén está libre de precisar calquera día certos coñecementos de natación. Acepto e agradezo a idea.

Así que, amigo Severino, cando vostede queira principiamos.

- Pois daquela quedamos para o vindeiro domingo. Ven vostede aquí algo cedo e, pouco a pouco, empapámonos da ciencia da natación. Hoxe abonda con que vexamos o proceso de aboiar e as súas condicións, e, feito iso, dentro de sete días poderemos comezar cos exercicios de propulsión.

Profundando



Varias semanas despois, e á mesma hora dun domingo, os dous amigos seguen a estar debruzados naquel despacho, máis agora en cada seu pequeno escano que encargaran a un carpinteiro amigo.

Van xa un feixe de páxinas adiante no manual de natación do doutor Joëgersen, aprendendo, segundo as súas regras estritas, a braza de peito. No encerado

teñen debuxados os catro movementos do protocolo básico, de xeito que -xa dende o corredor da casa- se escoita a dúo:

- Un, dous, tres, catro, ... un, dous, tres, catro, ... –mentres espernexan a catro tempos con pernas e brazos-.
- O autor ten razón –di don Severino nunha pausa e sen perder a posición inicial no tallo-. Non se pode chegar a nadar ben máis que aprendendo a facelo en seco: porque soamente así se executan os movementos matematicamente precisos.

- !Ben seguro; -remacha seu amigo Luís-. Os rapaces que aprenden no río, empiricamente, sen conciencia dos músculos que teñen que por en xogo e sen saberen aproveitar cientificamente o esforzo dos propulsores utilizables, adquiren unha chea de vicios e hábitos rutineiros que lles poden ser fatais ...
- Amigo Luís hai que desenganarse: !a nosa é a natación racional, a única;.

E volven primeiro de vagar e a cada paso con máis azos, ó seu “un, dous, tres, catro ... un, dous, tres, catro ...”.

Mentres eles practican a braza en seco, outros dous amigos de Abrantes –Siño e Moncho- aproveitan para andar a froita na horta que hai por tras da casa do doutor. Xa levan subidos na árbore un bo anaco, e teñen cheo o bandullo coa que foron apañando.

Sexa porque a pola da árbore estivese medio podrecida, ou porque pesen entre os dous máis do que pesaban antes de comezar a merenda, o certo é que -de

súpeto- vaise escoitar un bo barullo a seguir de dous rillotes que baten no chan, onde chegan de a cabalo dunha pola da mellor pereira de don Severino.

O dono da froita, malia estar en pleno proceso de aceleración da braza en seco, sumou dúas e dúas e, nun alustro, tirou en conclusión que algo raro andaba a pasar na horta.

Asómase a fiestra –pois o despacho natatorio está na planta baixa da casa- e rápido descubre a causa do tal rebumbio. Dous pícaros da aldea, un deles o mesmo Siño que tempo atrás lle andara nas

cereixas, estaban a merendarlle as peras, e foran a dar no chan cargados coa súa prea. Pois ben se mira froita ciscada polo chan, a pola esgazada da árbore, e os dous pícaros que -non sen dificultades- tentan xa pórse en pe para liscar.

O doutor, como fixera xa da outra vez, vaise cara o corredor da planta de enriba, para coller a espingarda que ten cargada cos cartuchos de fogueo. Desta vez – pensa mentres sube pola escaleira- ben seguro que han levar un bo susto.

Sen tempo que perder, abriu a fiestra do primeiro andar que da a horta. Xa está a

facer puntería cara o seu obxectivo ...
cando, de súpeto, deixa de poder apuntar
por causa dun alustro de sol que lle da nos
ollos. E, por mais que se move de sitio e
mesmo cambia de fiestra, en canto asoma
o tal relustro venlle de novo ós ollos e
non pode ver nin pouco nin moito.

- !Ladróns¡ -berra don Severino-
!*Filibusteros*¡, !se queredes guerra
ídela a ter¡, !corruptores da óptica¡

Don Severino tiña toda a razón. Porque
aquele raio de sol, que non o deixa ver nin
menos apuntar o seu disparo de fogueo,

era cousa dun espello. Tíñao Siño para máis tarde enredar con el cara a fiestra da súa amiga Elisa, e ver se ela lle contestaba.

E así foi como aquela tarde de domingo a óptica –da que tomara boa nota na escola– tíñalle botado unha man. Pero, mesmo así, levaran un bo susto.

Habería que ver de ir a froita a un sitio menos perigoso, aínda que non houbera tan boa colleita. O Pazo do Souto, agora case abandonado, seguro que daría para unha fartura de figos.

Un debuxante no pazo



Pazo do Souto, debuxo de Enrique Campo

Meses atrás chegara ó Ateneo de Oria unha carta na que se solicitaba colaboración para acompañar unha visita ó Pazo do Souto.

Como queira que a este Pazo chégase collendo un desvío no camiño que vai de Oria a Abrantes, don Felisindo –que viña actuando como secretario do Ateneo– pensou que o médico de Abrantes sería a persoa mais acaída para resolver o pedido.

Por unha banda porque don Severino coñecía ben o actual dono do Pazo, Xosé Pastoriza, e por outra porque, como se verá, coñecía non menos ben ó anterior propietario, médico coma el, o doutor Enrique Lluría.

De xeito que no seu momento contestáraselle ó señor Enrique Campo, que era o solicitante desta mediación, que sen problema algún se dirixira por telegrama a don Severino Andrade, a quen xa se puxera en antecedentes do asunto, estando xa el conforme.

O señor Felisindo, con todo, documentárase previamente sobre o tal solicitante. A información que recibiu non podía ser máis satisfactoria. Enrique Campo era, xa daquela e sendo un mozo, considerado o mellor dos debuxantes da prestixiosa Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra. Tan só con dezaseis anos fora nomeado socio de mérito da mesma polas súas capacidades e pola súa singular disposición. Dende ese momento fixérase un incansábel viaxeiro polo país, achegándose nas súas últimas viaxes ata as veciñas vilas de Ribadavia e Carballiño; viaxes que

sempre facía para recoller material gráfico sobre os mosteiros ou petróglifos, igrexas ou pazos.

Non é de estrañar que, con estes precedentes, don Severino levase unha boa alegría cando, ós poucos días de enviar aquela carta de resposta, chegou Anselmo, o carteiro, cun telegrama remitido por tan prestixioso debuxante. No telegrama anunciáballe a súa chegada por tren a Abrantes para o luns da semana a seguir, co plan de pasar o día tomando apuntes do Pazo do Souto e xa co solpor retornar cara Oria, onde se comprometera a dar unha pequena charla no Ateneo

pola noitiña. Para que todo saíse como era debido, o doutor Andrade puxera xa ese mesmo día en antecedentes da visita ó seu amigo Xosé Pastoriza, que era o actual propietario do pazo.

Foi así que o señor Pastoriza quedou en esperalos no pazo media hora despois da chegada do primeiro tren correo que viña de Vigo, pois Enrique Campo collería ese tren na vila de Redondela. E así foi a cousa.

Aquel luns, a primeira hora, o tren correo de Vigo chegou na súa hora a Abrantes. O doutor Andrade logo

reparou nun viaxeiro ben mozo que portaba un grande cartafol para levar os papeis do oficio, e, feitas as presentacións, subiron a *calesa* do doutor para poder chegar ó pazo a hora convida.

Amencera unha fermosa mañá de verán. Don Severino non deixaba de informar ó debuxante Enrique Campo sobre as paisaxes que ían percorrendo e, ó tempo, foi informado sobre os proxectos para a Exposición Rexional Galega que se pensaba celebrar en Compostela para o ano seguinte.

Axiña chegaron ó Pazo do Souto. Entraron nun recinto pechado cun senlleiro muro de pedra, e xa antes de baixar da *calesa* foron saudados polo dono do pazo.

- Bo día don Severino ... e compañía, ¿tiveron unha boa viaxe?

- Mellor imposible meu amigo. Preséntolle ó noso ilustre visitante Enrique Campo que, como xa sabe, ten interese en levar uns apuntes do Pazo e dos seus arredores.

- Encantado e gracias pola hospitalidade, espero non

interromper demasiado as súas tarefas.

- Non hai de que. Tempo terá hasta media tarde para facer o seu traballo –dixo o dono do pazo dirixíndose ó debuxante- ... agora han de tomar un café que xa está listo nunha das poucas estancias do pazo nas que se pode invitar a alguén.
- E logo, ¿tan estragado está todo por dentro? –preguntou Enrique Campo-.
- Máis do que se imaxina. Dende a dramática saída dos seus anteriores propietarios ata o día da poxa pública en que eu o merquei, os estragos

feitos por xentes de mal foron innumerables. Pasen, pasen e xa verán.

E así era sen dúbida algunha. Si por fora as silvas e a maleza inzaban o que antes eran xardíns ou camiños, por dentro do edificio mirábase que os roubos (de portas, fiestras, mobles e demais) foran acompañados de outros danos (cousas queimadas ou simplemente estragadas) non doados de explicar. Algo catastrófico acontecera para que as cousas tiveran corrido así.

Mentres toman aquel café o señor Pastoriza e don Severino resumíronlle a Enrique Campo o sucedido:

- En vida dos vellos Marqueses – explicou don Xosé- o Pazo foi mesmo residencia ocasional de grandes autoridades do país, pero ó morreren eles sen fillos a propiedade foi parar a súa sobriña María Viñals que casara en Madrid co xa daquela prestixioso médico Enrique Lloría. Os dous decidiron instalarse aquí, neste pazo, para facer realidade un proxecto de vida e de actividades fora do común.

- Sen dúbida algunha –concorda o doutor-. Para empezar o doutor Lluría abriu aquí o Hotel Sanatorio Lluría especializado en enfermidades da urina, da obesidade ou da neurastenia. Houbo aquí, eu visiteinos persoalmente en compañía do doutor Lluría, os mais modernos quirófanos, sa de emerxencias, ambulancia, teléfono, telégrafo, ... ¡todos os adiantos do mundo actual!
- E tamén –continúa relatando o actual dono- todo o preciso para os aprovisionamentos e mantenza dos doentes: granxas avícolas, colmeas,

cortes das vacas, queixería, hortas, viñedos, ... pois o Pazo conta con boas terras en todo ó seu redor. Desta parte, da intendencia, encargábase a señora Viñals, valéndose sempre de técnicas e métodos descoñecidos ata entón no país.

- E sendo así ¿onde é que se torceron as cousas? –pregunta Enrique Campo-.
- Para min –fala agora don Severino- o desastre, que moi logo aconteceu, tivo a súa orixe nas ideas e amizades liberais da parella. Pois os estamentos eclesiásticos e conservadores da provincia tomaron boa nota dunha

iniciativa que podía deixalos en evidencia, disputar o seu absoluto dominio na sociedade local. Porque os moi activos donos do Pazo, Enrique e María, non agachaban o seu afastamento ideolóxico deles todos. Pola contra, hai que dicir que sempre tiveron moi boa relación co noso Ateneo.

- Ten razón don Severino –continúa Xosé Pastoriza co relato-, o peor caciquismo do país puxo en marcha unha máquina de sabotaxes (por exemplo da electricidade ou do telégrafo), e outra de desprestixio

entre os doentes, facendo correr a andrómena de que os donos eran uns revolucionarios perigosos. E, por causa dunha cousa ou da outra, foron quedando sen clientes. Viñeron de contado as débedas, o embargo e a poxa pública.

- Eu presenciei a triste despedida dos dous no seu regreso cara Madrid – lembra don Severino-. Só estabamos na estación do tren de Abrantes os serventes que lles trouxeran as maletas e vultos, Luis -o xefe de estación- máis quen lles está a falar. Eu mesmo animáraos a que colleran o

tren en Oria, para poder ser acompañados doutros membros do Ateneo que ben o sentían, pero dixéranme que non querían crearlle máis problemas a ninguén.

O café foise así rematando e, aínda que a conversa podería continuar por moito tempo, os dous anfitrións decidiron deixar só ó famoso debuxante para que puidese traballar o resto do día. Tempo terían de seguir a falar na cea que lle darían en Oria despois da conferencia.

Don Severino quedou en ir a recollelo a iso das seis da tarde, pois Enrique Campo informounos de que, nestas saídas de campo e para renderlle o traballo, tiña por costume traer xa da súa casa carabela para xantar.

Un envío dende Barcelona



Algúns días despois, e como ben sabemos xa que ten por costume, o doutor Andrade está a saír da súa casa cara a estación do tren, para botar a partida de dominó. Vai repasando mentalmente, mentres camiña ó ritmo deses asuntos, os preceptos do Joëgersen para nadar a “*cross*”. Teno xa case memorizado, e vai repetindo, os seus tres tempos segundo aquela ciencia natatoria:

« Primeiro tempo: Posición inicial. Os brazos e as pernas encollidos. As palmas das mans xuntas. Os calcañares xuntos á altura do corpo.

Segundo tempo: Extensión dos brazos sen arredar as mans. Extensión das pernas que deben ficar arredadas.

Terceiro tempo: Tempo útil. As mans en posición inversa, xuntas polo revés »

E foi así, camiñando con esta troula na cabeza polo baixiño, que case sen decatarse chegou á estación. Peta nos vidros, empurra a porta -que só está

entornada- e recibe o animoso saúdo do seu amigo Luís que está sentado, escribindo. Rápido repara nun folleto publicitario que don Severino trae na man.

- E logo ... ¿que é iso que trae aí amigo Severino?
- Pois élle un catálogo dunha casa de Barcelona. Hai días que encarguei un cinto de natación importado.
- Logo, teima no seu propósito de botarse á auga.
- ¿E vostede non?
- Home, a min non mo permite o reuma, xa sabe. De boa gana o faría,

non crea. Máis, así e todo, aínda non levamos un mes de ensaios. Sería mellor deixalo para o día do Apóstolo.

- Alá, diante de todos os do Ateneo, vou nadar con cinto ... ¡non oh! -di o doutor case que indignado polo cativo ánimo natatorio do xefe de estación-. !Nada, nada!. Se vostede non quere faga o que queira, eu non o obrigo. O que é eu, en canto chegue o cinto, aló vou.

Estando nesas, decátanse de que alguén anda a petar nos vidros da fiestra que da ás vías do tren. Conforme dan licenza entra na oficina o carteiro de Abrantes, o señor Anselmo:

- Con permiso amigo Luís. Ola don Severino, ... !boa tarde ós dous;. –E dirixíndose ó doutor-: Dixéronme na do barbeiro que o atoparía aquí a esta hora. Chegoulle un paquete de Barcelona.
- !Vaia;, xa é casualidade ... xusto ven a propósito do que estabamos a falar antes de que vostede chegara –di don Severino-.

Mentres o doutor desfai o paquete con moito agarimo e non pouca expectación, o carteiro aproveita a ocasión:

- Caso chocante o que veño de escoitar no bar.
- Xa me contou o doutor o teu sucedido da chamada telefónica dende París – di o xefe-.
- !Non oh!, este sucedido do que falo só é de hai un cuarto de hora. Vóullelo contar tal como veño de escoitalo. –É senta para coller folgos-. A cousa é que estaba un home nunha praza, aló

na Habana, e pola orella dereita saíalle unha políña de cerdeira cargada de cereixas. Pasou un *negrito* e pasmou, e ficou alí mirando para aquel home que semellaba ter unha cerdeira dentro. O *negrito* vai e dille o home que estaba sentado: - *!Oye chico, te sale una rama de cerezas por la oreja;*. – O home ergueu a cabeza e preguntoulle ó negro que que dicía-. *!Que te sale una rama de cerezo por la oreja;* -repetiulle o negro-.

Anselmo, o cosmopolita carteiro de Abrantes, fixo unha paradiña, aclaroulles ó doutor e o xefe de estación que o paisano aquel era un galego de Vilalba, e que por moito que o negro lle berraba a cousa non se aclaraba; ata que ó cabo o galego, segundo contaran no bar, contestoulle:

- Fálame negro pola outra orella, !que por esta xa ves que me está a saír unha cerdeira;

Celebran o caso -o doutor ten xa aberto xa de todo o paquete e está a desenvolver

o seu contido- mentres o xefe de estación non pode por menos que engadir sobre o que ven de escoitar:

- Vaia, vaia, ... polo aire do caso este teu da Habana, o paisano teu da cerdeira ten toda a pinta de ser parente duns vellos almirantes de Vilalba. Contábase por Lugo que a tal parella de almirantes non querían engordar, para poder seguir a durmir dentro dun canón de doce polgadas ... !e que bebían viño con pólvora;
- Pois non lle vou a discutir que non foran parentes –contéstalle o carteiro-

- . ¿E será verdade o dos almirantes eses?
- !Si oh;. Foron famosos tamén como intérpretes de grande harmónica. Que era unha caixa de música que compraran nada menos que a Franklin ...
- Pois non lle dou eu moito mérito a iso –apón o carteiro- ... !coma o órgano de fol non hai nada;
- Cale, cale, ... A grande harmónica anda á roda. !Vostede non entende de mecanismos musicais;. Vaime dicir que o señor Franklin, que inventou o para lóstregos, !ía inventar,

meténdose a músico, un chifro de capadorj.

Nesas están, cando reparan en que don Severino ten xa axustado -por riba da americana- o seu cinto de flotación do trinque,

- *Voilàj Made in Francej* -di o doutor-

!A boa fe que estaba fachendoso con aquel cintoj. Era un cinto á altura do método científico do doutor Joëgersen ... e mesmo tamén da grande harmónica de Franklin.

No río



O sábado seguinte do día da chegada
daquel cinto de flotación dende
Barcelona, o doutor Andrade máis o seu
amigo Luís quedarán en que este pasaría
pola súa casa. Non para continuar os
exercicios en seco, que viñan traballando
arreo nas últimas semanas, senón para
iren cara o río a facer a primeira práctica
real, *in situ* que dicía don Severino.

Así que en canto seu amigo chegou a casa do doutor este saíulle á porta levando na man o seu traxe de baño e un pano, para protexer a súa metamorfose de olladas indiscretas. Sen esquecer, por suposto, baixo do brazo o seu cinto do trinque importado de Cataluña que, unha vez ben axustado por riba do traxe de baño, lle ía dar un aspecto nunca antes visto polas nosas latitudes.

Don Severino decidira, xa no mesmo día que recibira o cinto, facer unha primeira práctica real; aínda que o método natatorio era, como ben sabemos, cento por cento teórico.

Camiñaban pola beira do río a carón duns lameiros parolando sobre a derradeira lección do Joëgersen. Non moi lonxe andaban a coller peixes á man un par de rapaces que a don Severino, aínda vistos ó lonxe, non lle semellaban de todo descoñecidos. Os peixes apañábaos un deles cara unha canasta, mentres o outro, que era o Moncho, tronzaba con lama un rego do lameiro, a par do río. Unha vez cortada así a corrente petaba na auga coas mans, o que facía que os peixes viraran contra corrente, onde os apañaba o Siño —que era, como o lector xa suporía, o outro rapaz— para a cesta.

Ben coñecían este sistema Luis e don Severino, que seguían a darlle voltas ó Joëgersen, pois boas merendas tiñan papado a conta de canastros como aquel. Foi o xefe de estación quen comentou o enredo dos dous rapaces,

- !Aínda andamos así; -indicándolle coa vista ós dous rapaces que estaban no lameiro-. I é mágoa porque, !canto se sabe hoxe da pesca a cana con cebo artificial;. Sen amentar a piscicultura ... !a moderna gandería dos peixes;.
- Efectivamente: !Ciencia; -remachou o doutor-. !Teoría fronte a empirismo;. Iso é o que compre.

Profundaban e asentábanse así nos seus procedementos, ben lonxe da simple experiencia e do empirismo, e seguiron dándose a razón ata que chegaron ó lugar do río onde o doutor tiña pensado espirse para proceder á súa metamorfose natatoria.

Pendurou o pano nunhas xestas, e tomouse o seu tempo nos preparativos natatorios. Mentres tanto o señor Luís liaba e prendía un cigarro ollando para o río. Estaban ao carón dun pequeno areal e, aínda que na beira a corrente era pouca,

un pouco máis lonxe xa se notaba que a corrente levaba un movemento non tan acougado.

O xefe de estación, mentres fumaba, non deixaba de sentir unha certa envexa do paso que ía a dar seu amigo, por máis que fosen razóns médicas (en concreto o seu reuma) as que desculpasen a súa negativa a acompañalo.

Ó cabo dun anaco o doutor saíu co seu traxe de baño e unhas gafas negras que usaba, segundo el dicía, para protexer a vista e, de paso, neutralizar a distorsión óptica que na auga se producía. Díxolle:

- Mire de asegurarme ben o cinto –pois traíao a medio apertar-.
- Xa está –di o xefe de estación despois de mirar de facer un bo traballo, xa que era consciente da moita responsabilidade do asunto-.
- Agora – íalle dicindo o doutor mentres camiñaba cara o areal e entraba pouco a pouco no río- bótome ... así, como indica a figura oitenta e tres, e logo vostede vaime lendo os distintos tempos da braza de peito, por si me esquezo. Ben sabe que comeza na páxina cento noventa e unha. Téñolla marcada.

Tal coma dixo, fixo. Púxose nas puntas dos pés, pegou un pequeno brinco e deixouse caer, maina e elegantemente, na auga. Polo de pronto ... desapareceu baixo dela.

Seu amigo sen quitar ollo de encima cara o lugar no que afundira, empezou a buscar a páxina que se lle indicara no Joëgersen. Non tardou en aboiar don Severino por riba da auga, cos cabelos pegados a cachola tal que un polbo volto cara baixo.

- !Non mira que ben se frota;
Comprobe. Non hai medo ningún que
ter. Agora léame onde lle dixen.
- «*O corpo completamente horizontal*»
-lee seu amigo-. Ben, así –
comprobando que o doutor fai o
indicado-. Agora ven o primeiro
tempo, posición inicial, figura
catorce, os brazos e as pernas
encollidas, ...

Para facer o que se lle indicaba, o
doutor rematou batendo sen control coas

mans mentres se ía afastando da beira do río,

- ¿Que fai vostede desgraciado? –dille o xefe de estación enfadado, e xa algo nervioso-. !Coidado¡, !non precipite a cadencia, os movementos teñen que ser pausados¡. –E, batendo co libro nas mans- Se non me deixa ler

A corrente xa está a levar o doutor, quen, a medio afundir, berra desesperado mentres espernexa furiosamente,

- !Auxilios que afogo¡, !auxilios que afogo¡.

- !Auxilios¡, !axuda¡ -di seu amigo correndo dun lado para outro pola beira do río-.

Nestas é que repara nos dous rapaces, os que estaban a pescar a man no lameiro, que andan a nadar algo máis abaixo. Cáelle o libro, e máis o chapeu, por saír coma un foguete cara eles,

- !Acudan¡, !acudan¡, !que afoga¡ - dilles acenándolles cara o «náufrago» -.

O doutor non ten xa gorxa para berregar, e vai medio mergullado co bandullo cara arriba. Os dous rapaces póñense a nadar cara el. Non tardan en collelo, cada un por seu lado. Lévalles algo máis de tempo virse os tres cara terra firme, onde chegan case cen metros río abaixo. Sácano medio arrastras; máis que nada polo descomposto que ven.

- !Que loucura¡, !que loucura¡ -di o xefe de estación, que se achega a correr, con non pouca ledicia polo feliz desenlace-.

Unha vez sentado no chan, mentres o Siño e o Moncho xa se van, o xefe de estación sosega a seu amigo; non deixa de repetir:

- !Foi bo susto¡, !foi bo susto¡
- Por Deus –dille tateando don Severino- ... amigo ... disto ... nin unha ... verba ... no Ateneo.
- Non ten nin que dicirmo, meu; ninguén ha saber nada.

Xusto naquel momento escoitase ó lonxe o asubío do tren de mercadorías das seis, o de Medina del Campo, que

viña case sempre ateigado de madeira e
xovencos.

Na escola



TÍñamos daquela en Abrantes unha escola primaria das que logo se chamaron unitarias, á que íamos deica os catorce anos. Quen era entón seu mestre, don Manoel Souto, relatáralle ós seus discípulos que o edificio -de planta baixa e en pedra de cantería- fora pagado dende América polos nosos emigrantes. Querían evitar así que outros rapaces se visen andando polo mundo sen saber ler,

escribir ou facer as contas, como a eles lles pasara.

Nesta maña de primavera a escola está valeira pois os escolantes aínda andan nos campos que hai por fora, á espera de que chegue don Manoel. Algúns veñen un chisco máis cedo para ter máis tempo antes de entrar, e poder xogar as *canicas*, a buxaina ou á billarda segundo a estación do ano. Por raro que hoxe poida parecer, non tiña chegado o xogo do fútbol, pode que debido a que naqueles tempos nin a escola nin a veciñanza tiñamos os cartos precisos

para mercar un balón, dos que máis tarde se chamaron *de reglamento*.

Nestas estaban, rapazas e rapaces, deixándose escoitar un grande barullo por todo o redor da escola, cando algúns repararon en que viña cara alí o, de todos coñecido, doutor don Severino. Pois todos os que andaban a xogar coñecíanlo dende que naceran. E tíñanlle respecto e aprecio porque, quen máis que menos, tivera ocasión de comprobar que cando as cousas da saúde se poñían tortas don Severino sempre daba cun bo remedio.

Ó menos era así para os cativos, pois para os maiores non poucas veces as cousas non tiñan amaño. Claro que a un menciñeiro por sabio que fose, como era o caso do médico de Abrantes, non se lle podían pedir milagres.

Que viñera cara alí don Severino, e a aquela hora, era xa raro de seu. Só iso provocou que, ós poucos, fosen facendo menos barullo. Deixaron de xogar, e case de gritar entre eles, cando don Severino lles acenou dicíndolles que foran entrado para a escola. A maioría obedeceron de contado, e só a uns poucos despistados, que andaban a xogar as escondidas

arredados do resto, houbo que dicirlllo dúas veces.

Cando o doutor entrou na escola, pois xa ninguén quedara por fora, estaban sentados de a dous nos pupitres de madeira. E ben calados pois, sen que ninguén lle lo explicase, estaba claro que a ocasión era especial. Nunca antes viñera a abrir a escola don Severino en troques de don Manoel.

Foi por iso que o médico de Abrantes non precisou de erguer a voz cando falou,

- Bo día rapaces, estou aquí hoxe por causa da enfermidade do noso ben querido e ilustre mestre don Manoel, que vai ter que gardar cama e repouso absoluto un ou dous días –ninguén se moveu e todos seguían calados; entón fixo unha pausa e proseguiu-. Para a vosa tranquilidade direivos que o seu mal, se ben puidera converterse en crónico á súa idade, non ten propiamente gravidade. Cunha boa alimentación i exercicio físico hai poucas doenzas que se resistan. E cando iso non chega, hoxe afortunadamente contamos coa

química e coa farmacia, das que a bo seguro don Manoel xa vos ten explicado os seus fundamentos e avances. ¿Non si?

- Si don Severino –contestan case todos a coro-.
- Maña, ou a máis tardar pasado, don Manoel xa estará aquí de volta para continuar coa lección sobre América Central que é onde me dixo que ides. Está moi ben estudar Xeografía, ben seguro, pero eu sobre todo diríavos que vos esforcedes nas matemática e no cálculo. En comparación, e que me desculpen moitos académicos, todo o

demais é perder o tempo. Sen matemáticas non hai porvir. Os que fixeron algo nas Américas –e algúns fixeron moito como se demostra neste edificio- sempre foi polas matemáticas que alí aprenderon. Aquí, ata hai ben pouco, non se ensinaba máis que a rezar e outros contos chinos da historia patriótica que non lle importan a ninguén. Vós ¿saberedes moita matemática supoño?

- !Siiii ... ¡ -contestan a coro, pero xa algúns menos que hai un intre-.

- Ben, moi ben. Pois por iso mesmo hoxe vou facervos unhas preguntas de xeometría como se fose un concurso. Quen primeiro saiba a resposta correcta terá de premio vir comigo a Oria o día 15. ¿Alguén sabe que vai pasar en Oria ese día?. – E como todos quedan calados movendo negativamente as cabezas, continúa a falar-. Pois aterra alí, por vez primeira, un aeroplano, no campo grande da festa.
- ¿Como os que aparecen nas películas que trae Rufino? –atrévase a preguntar o Siño-.

- Nin máis, nin menos –confírmalle a todos, que abren moito os ollos, don Severino-. Imos logo cunha pregunta de xeometría.

Vaise cara o encerado e debuxa un triángulo, escribe o que miden dous dos seus lados tendo así que calcularse o terceiro. Todos copian nos seus cadernos o exercicio e póñense a facer contas, non sen antes mirar cara atrás na libreta de matemáticas por si houberse algún problema semellante, e así non trabucarse.

Axiña un dos rapaces levanta a man, e don Severino dille que se acerque a pór o resultado no lado do triángulo que falta. Unha vez que o ten escrito don Severino dille que non é esa a solución correcta. E mentres este rapaz volta cara seu sitio, o Siño levanta a man e di en alto unha cifra distinta. O doutor queda sorprendido, pois tiña para el que o problema non eran tan doado de resolver,

- !Vaia home, si que o fas ben;. Ganaches o premio. Acércate e pono no encerado ... -e mentres o Siño fai o que se lle pide, engade-. Agora

escribe ti aí un problema por ver se son quen de resolvelo.


Siño párase un rato a pensar, e logo escribe no encerado: $x^2-9 = 0$

- ¿E iso que é? –dille o doutor-.
- Álgebra –contesta Siño-.
- Pois ... si estudei iso no seu día ... esquecinme da feito.
- É unha ecuación de segundo grao. Mire como se fai ... –e resólvea nun tris no encerado-.
- Moi ben, moi ben –dálle don Severino os parabéns, mentres Siño

volta ó seu sitio-. Destas ou das outras, o importante é saber moitas matemáticas. Pois para andar polo mundo de hoxe, para ser alguén nas Américas, sen matemáticas non hai nada que facer.

Epílogo

Poucos anos depois



Estamos de novo na vella estación de Abrantes, tal e como sucedera no comezo deste relato. Hoxe á espera do tren, que vai cara Oria e logo ata Vigo, vemos dous grupos de paisanos.

Nun deles está Siño e máis seu pai, vestidos de domingo, cada un coa súa maleta. Teñen pasaxe para un vapor que fai escala en Vigo, que os levará cara Arxentina onde xa está a súa espera un parente. Escribíralles hai seis meses animándoos a irse, e gañarse a vida axudando nun almacén do que era

propietario. Á vista de como ían as cousas por Abrantes non tiveron que pensalo moito para se decidir.

Vai aínda algo de fresco a esa hora da mañá, por iso o noso ben coñecido xefe da estación aínda non saíu co seu farol. Os que están fora pouco falan. E os homes están case todos a fumar. De cando en vez alguén fai un comentario que ven seguido dun silencio e de tristura mal agochada.

- Hai que intentalo. Se outros o conseguiron ¿porqué non nós? –di o pai de Siño-.

- Lembrádevos de mercar esas latas de conserva nas tres horas que tendes de espera en Vigo –dilles a nai-. Ti escribíenos –dirixíndose ó Siño- e cóntanos de como vos vai por alí. Has de facelo cada mes, pensa nos que quedamos.
- Á volta –quen torna a falar é o pai- mercaremos un par de boas viñas cerca da fonte. E poderemos vivir do noso capital.

Cando o tren xa asubía ó lonxe, sae o xefe de estación na busca do Siño e dálle un paquete ben envolto,

- É para ti, de parte de don Severino; pediume que ó darcho che dixera que nunca se vai esquecer do que fixestes por el aquela tarde no río. Non podía estar aquí pois ten doentes á súa espera. !Sorte Siño e compañía;. Din que non hai como a Arxentina, e pode ser, pero non te esquezas de Abrantes. !Sorte; -dándolle unha agarimosa aperta-.

Xa logo, co tren freando e parando, virán as apertas dos parentes que se despiden. Só suben, pasaxeiros e maletas, cando xa o tren se bota a andar. Logo, asomados na porta do vagón, gardarán esa memoria dos seus máis queridos ... !quen sabe en canto tempo¡.

O tren correo, que agora vai collendo velocidade á par do río e das terras que ben coñecemos, pasará por Oria para rematar a súa viaxe en Vigo, onde xa está a súa espera aquel vapor que vai para América.



Logo dunha primeira estadía como emigrante na Arxentina, Siño foise cara o Brasil onde traballou en diferentes plantacións de café. Xa no Sao Paulo recibirá as súas primeiras clases de pintura e será onde, anos máis tarde, desfrutará dos seus primeiros éxitos como pintor recoñecido. Con setenta anos de idade regresará a Abrantes; reformará a casa dos seus pais e nela

traballará nos seus xa últimos anos de vida.

O país que atopou ó seu regreso estaba a sufrir unha nova marea migratoria, desta vez cara os países do centro e do norte de Europa.

Pois as pequenas centrais que trouxeran a primeira luz eléctrica a vilas e aldeas, tíñanse virado nunha onda de xigantescos encoros. Emigradas as xentes, e xa sen rabaños que os baleirasen, ardían os montes de mato e toxo.

A derradeira exposición do noso artista, i emigrante retornado, tivo lugar hai xa anos na cidade de Vigo. Hoxe aínda pode visitarse, no edificio da vella escola que -como sabemos- fora froito da filantropía dos seus primeiros emigrados, un aula-museo que leva este nome: «*Afonso Souto*», que para os lectores deste relato sempre vai ser «*Siño de Abrantes*».

APÉNDICES

Os europeos en Abrantes

de

Vicente Risco¹

¹ Publicado no ano 1927 na revista “Nós”.

http://www.galiciana.bibliotecadegalicia.xunta.es/gl/publicaciones/numeros_por_mes.cmd?idPublicacion=1202&anyo=1927



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano IX Ourense 15 Marzal 1927 ★ Núm. 39

OS EUROPEOS EN ABRANTES

EPOPEIA EN PROSA

ABRANTES. ANTES DA IMIGRACIÓN EUROPEA

A historia esta non é a da colonización d'Abrantes, anque pareza que leva ise camiño. Dend'a sua fundación, Abrantes tiña estación do camiño de ferro, Casa-coartel da Guardia Civil e mais estanco. Non é o *Poble Gris* de Santiago Rusiñol, porque é moito mais pequeno. Nin é aldea, nin é vila, nin é cidade. Non ten historia nin falla que lle fal; millor dito, a verdadeira historia d'Abrantes é a qu'imos contar.

Procedamos con orde: Abrantes áchase soportada do río Miño pol-os seguintes valados: un gran coiñal queimado pol-o Sol; unhas velgas de millo reseculdo e poelrento; o camiño de ferro co seu leito de coyo partido, e mais a estación. O lugar componse de caxequ'unha dúzia de casas, ó longo d'unha estrada poelrenta, chantada d'acacias de bola. Por frent' ó río, érgues un monte pelado e negro, pol-o que rubíran as cabras, s'as houbera. A flora é pouco variada, agás as acacias de bola y-o millo, medran na aba do monte, fentos e carpazas, e arredor da estación e das casas danse as ortigas. A fauna componse d'algunhas pitas, unha vaca, un porco e unha borrica; ademais, en cada casa hai uns cantos cás; en cada cama, unha chea de chinches, y-en

todas partes unha infinidá de moscas. Tocentes á poboación humana; anqu'aixiña coñece un a todos, non se pode calcular ben o número d'almas.

Socialmentes, a poboación divídese en tres clases: a alta é o médeco; a médea o xefe d'estación e o cabo da Guardia civil, e a baixa todol-os demais. Esta división tripartida fúndase na consideración social, mais pódese faquer outra antr'o elemento militar e o civil, outra antr'a clás industrial e a clás agraria etcétera, porqu'Abrantes é un mundo en pequeno. En Abrantes non hai costumes... Os homes xúntanse na tenda, onde venden viño e grasiosas. O viño, cand'hai colleita no país, é agrío; cando nona hai, é composto. As grasiosas leñen a temperatura do tempo: quentes no vrau e frias no inverno. As mulleres xúntanse nas portas. Os nenos e os cás xúntanse en todas partes.

Com'as grasiosas, así é o clima d'Abrantes: no inverno é un laziar, no vrau é un inferno. O vrau d'Abrantes é bíblico: é unha praga, é as dez pragas d'Exipto... Entón o río descobre outro tanto coiñal que fumea ó sol: aquela é a *concha* d'Abrantes. As moscas veñen en nubes negras com'o langosta, a pegárense na porta da tenda, nas caras dos abranteses, no pescoco da vaca e da burra, nas paredes, nas mesas, nas grasiosas, no caldo e no viño... Cada un que pasa -cáxeque soló nenos e cás- vai envolto n-unha polvoríña qu'o fei

nvisibre. Os abranteses, non podendo faguer outra cousa, sudan. Si outro exercicio fan, morren.

Auga n'hai mais qu'a do río. Alá van apañala as mulleres, dand'un arrodeio de dous kilómetros pra non pisaren os coyos ardendo; cando chegan á casa a metade da y-auga secou, e a outra ferve, de xeito que caxeque non compre acendel-o lume pró caldo. Mádia levon, porque coma non hai leña, os abranteses non quelman mais que caixós de fideus e de tabaco, pródicos vellos e canas de basoira.

O problema da mantenza en Abrantes resolvéase d'un xeito ben sinxelo: verduras, nonas hai, logo, fóra o réxime vexetariano. Tampouco hai leite, y-os óvos véndense pra fóra. En troques, un día á semán, pódese mercar carne a légoa e media d'Abrantes, si un chega a tempo. O pan ven cada tres ou catro días á tenda, onde tamén hai pastas ranciosas pra sopa, e latas de sardiñas pre-históricas. En parte, iste sistema d'abastecemento tan sinxelo e tan doado, débese ó celo d'Autoridade municipal, quen tendo coma tén unha tenda no lugar cabeza do Auntamento, nada mais de calxón: os d'Abrantes áchanse moralmente, e inda materialmente obrigados a se surtiren n-ela, inda que non fora mais que por respecto ó principio d'autoridade.

Mais non valades pensar qu'as condicións económicas, sociás e políticas d'Abrantes cambearon en nada pol-o feito trascendental qu'imos referir. Abrantes, despois da inmigración europea seguiu sendo así. Non por elo deixou aquí feito de ter fondísimas secuencias históricas; elas han seren deducidas ó seu tempo.

II

O MÉDECO D'ABRANTES

O Doutor Andrade era o único funcionario civil d'Abrantes. Era o médico municipal, mais vivía alí por apego ó camiño de ferro. Non iba nunca no tren; caído quería ir á capital da provincia, montaba n-un carricoche c'un cabalo, e iba visitar no cabalo sólo. Mais o camiño de ferro era un *adianto*, y-ademais, il estaba rifado co alcalde... Xentes incultas e retrógrados! En troques en Abrantes non había eirexa,

nin crego, nin romerías, nin enterros; era un pobo moderno, todo *vías de comunicación*: estación co seu telégrafo, o coche das grasiósas, a bicicleta do fillo do cabo da Guardia civil, y-aínda que non houbera estación telefónica, pol-o menos víanse pasar os fios...

O Doutor Andrade amaba coa peito afevoados a Electricidade, o Vapor, o Magnetismo, a Mecánica e a Sueroterapia. As demais cousas eran andrómenas, froito da ignorancia das ciencias bárbaras: Deus era un espantallo pr'esportar ó pobo; a arte unha brincadeira pr'ós nenos; a Teoloxía, a Astronomía, a Filosofía, latiaarios prás vellas e prós cregos; a y-alma nona atopara endexamais na punta do escalpelo... O Mr. Homais de Flaubert, o Dr. Pascal de Zola, asustábanse, se chegan a falar co Doutor Andrade.

O Doutor Andrade estaba suscrito á *Revista de Occidente*. Non era vulgar. Ademais, dábase coa todos, e falar, falaba de rayo... C'os empregados da estación, falaba de máquinas e d'organizacións societarias; c'os labregos, d'agrismo e d'abonos químicos, e co cabo, discutía o problema nazonal.

O Doutor Andrade non vivía porén, conforme ós adiantos modernos: tiña unha casa de ladrillo, feita por il, con feitos a tella vá, e o mobillar d'un anacoreta. Mais emporiso, hipertrofiáraselle o osínto da propiedade ate chegar a un xeito d'enrabeamento e d'agresión. Porqu'un rapaz sacou un guizo d'un feixe que tiña no cixido, sacou o médico pol-a feaestra unha carabina de dous canos... A xente tiñalle medo. E non era pra menos: había que velo chegar montado no seu cabalo e c'un salakoff na cabeza, que mesmo puña respecto...

O Doutor Andrade era un gran médico. Sabía, tiña bó ollo, operaba ben. E aínda mais: curaba ós enfermos. Mais nonos curaba precisamente cos seus remedios; curábaos con *palabras técnicas*. Espricáballes a doenza que tiñan, as causas, o tratamento; falaba de pulsacións, de curvas térmicas, de leucocitos, de bellaro-conxuntivitis e de suero antiestrastractocécico, y-o doente embobado, convenciase e sandaba. Sen se deprocatore, o Doutor Andrade curaba por médico d'ensalmos e desconxuros; mais ben que médico era *exorcista*... O que mais sona lie deu era o que fagula cando pasaba por un lugar de moita presa; sen bai-

xar do cabalo que montaba que lle sacaran o doente á porta da chouza, e tomáball'o pulso coa punta da fusla... D'iste xeito sandou a moitos. Era unha meiciña futurista.

O certo - y-eiquí ven o verdadeiramente esotérico da ciencia do Doutor Andrade - é qu'iste tiña unha idea moito mais alta dos desíños da clás médeca. Na aldea non. Antr'aquelas xentes rústecas e ignorantes, o médeco tiña que seguir sendo o sucesor mais ou menos centifeco do vulgar manciñeiro. Mais nas cidades, o Protomedicato estaba destinado a tirarlle á Eirexa a dirección das concencias, a se faguel-o dono da sociedade moderna com'o Crero o foi da antiga, á impôr o xugo da ciencia á estas xeneracións d'aprensivos e neurasténicos, com'as veillas xeneracións de timoratos sufriran o do dogma, a substituír o prexuízo relixioso pol-o prexuízo hixiénico. A revolución principiara xa; xa se vían erguer as construcións suntuosas das clínicas, dos sanatoiros, dos laboratorios, as *maus mortas* da ciencia, consumindo os cartos qu'entantes acaparaban os mosteiros. Xa o médeco metíase en lugar do xesuíta no consello privado das señoras da boa sociedade; xa se daba mais importancia á consulta que non á confesión; xa caseque ninguén creía no demo, e todos creían nos microbios... Xa s'achaba perto o trunfo de futura relixión da Hixiene, o reinado glorioso da Asepsia, a Antisepsia e a Profilaxia, que ô fin han salvar á Humanidade da doenza e da ignorancia, y-aseguraren a supremacía social do Médeco, concluíndo d'unha vez pra sempre coa tiranía ominosa do Sacerdote...

E íl? Don Severino d'Andrade e Teixeira, Doutor en Meiciña e Ciruxía, ex-alumno interno do Hospital de Santiago, do Instituto Rubio e da Clínica do Dr. Azúa, él estaria destinado a vel-o trunfo da Ciencia dende lonxe, dende Abrantes, estación do camiño de ferro da liña d'Oría á costa galega, sen fundar un Sanatorio, sen publicar unha memoria, sen dar un curso de conferencias? ...Vel'eiquí a traxedia sagrada do Doutor Andrade.

III

O CABALO DO MÉDECO D'ABRANTES

Non puxemos a late s'z porteatoso e increí-

bre, nin antr'a froira, nin antr'a fauna, nin antr'a cristiandá d'Abrantes, porqu'iste qu'a xente chamaba cabalo, anque vivía, e de milagre non pertencía en rigor ô mundo dos vivos, senon mais ben ô dos espíritos. Er'un persoaxe de mesa xiratoria que nin catalogou Paracelso, nin Iñtulu Swedemborg, nin sospelhou Allan Kardec. Era o úneco estrano, o úneco anormal, o úneco qu'en Abrantes estaba ceibe de toda vulgaridade, o úneco realmente espiritual qu'alí había.

Lembrede o espectro hípico no que vai montada a Gadañadora, no *Trunfo da Morte* de Brazghel o Vello, e daravos unha idea d'aquél esqueleto de cabalo que levaba unha pelaxa pelada, comesta da polilla, adautada com'unha funda ôs ósos limpos... Sonellaba un cabalo d'aramio, un saltón sen ñas n'a ventre, unha bicicleta que tivera patas en lugar de rodas... Era un cabalo sum trisem, sen mais órgaos qu'os estritamente indispensables pra locomoción, sen ningún de nutrición, que sen d'óbida perdera por lle non seren útiles, por seren se cadra indinos do cabalo perfecto, que nia debe comer, nia beber, nia arder, senon somentes correr; un cabalo reducido a unha soita función, un cabalo rigurosamente centifeco.

Era un cabalo-pantasma, tan lixeirísimo na sua masa, coma nos seus movementos. Sostínase nas suas catro patas por un verdadeiro milagre de levitación, e tan pouco pesaba, que non deixaba na terra a marca das pisadas. Esbaraba com'as fadas e com'os nubeiros. Era a sombra ladeada d'un facho inverosímil, mais apesares da suprema tuberculosis, da afoñía mortal da qu'era acada y embreña, o cabalo do médeco d'Abrantes traballaba. Entroques de ser unha besta de campo e de luxo, servía pra silla e mais pra tiro. Voaba com'unha palla no vento... D'onde senon da sua falla ausoluta de peso, podía sacar forzas pra correr co médeco a carranchaperna, e mais pra turrar a un lechazo pol-o coche y-o médeco? De certo non se sabía ô velo s'era insuto ou caducado, e comzates os veciños d'Abrantes, non moí agardos d'entendemento, podían asegurar, porqu'o erien pol-a fé, qu'era aquilo un cabalo.

Moralmentes era un ascela o cabalo do médeco d'Abrantes. Pade qu'entantes tivera pecado moito, mais de tolois xeitos, Abrantes foi pra il unha Tebaida exiatoria e santa que

d'as suas virtudes abríronse coma ledas froles de penitencia. Facer, fixo méritos d'abondo pra conquistar un ceo, ou pol-o menos un limbo axcitado á sua y-alma de besta padecente. Era un fakir, era o Pappus da sua especie, que vivía do aúno, úneca mantenza que lle daba a Providencia, qu'o qu'è o médeco non lle daba senon traballo. Era o *hipocamaleon*, era unha ilusión, era un soño feito ósos...

Aquela besta heróica viviu en Abrantes a epopeia da fame, sen protesta, sen unha queixa, sen relincho nin couce... Ninguén soupo apreciar-as virtudes escelsas d'aquíl ser singular. Il tampouco dixó á ninguén o poema segredo dos seus soños, nos que sin dúbida, a memoria da especie lembraba as lameiras, as touzas, as gándaras sen fin por'onde brincaban as egoadas ancestrás... porqu'il non coñecía os *piensos racionais*, nin os *establos modelo*, nin nada: non leera o tratado que fiña en prensa o Sr. D. Horacio Bonet catedrático d'Agricultura do Instituto xeneral e técnico d'Oria, chamado a sei-a Bibria da Zootecnia futura.

É ademais o úneco persoaxe d'esta narración que tivo un fado tráxico e un épico final, na ocasión memorabre en qu'Abrantes estivo a piques de figurar na Historia...

A posteridade faralle xustiza.

IV

O ATÉNEO DE ORIA

Xa se sabe qu'Europa linda pol-o Norte co Océano Glacial Ártico, pol-o Este co Río Kara, os Montes Urales, o Río Ural e o Mar Caspio; pol-o Oeste co Océano Atlántico, e pol-o Sur co Cáucaso, o Mediterráneo e os Pirineos. O apéndice chamado Península Ibérica, arredado d'Europa por cinco séculos de cultura, pertence espiritualmente ó Sáhara.

Non embargante, n-iste deserto hai algúis oasis, e un d'istes oasis é o Ateneo de Oria. No Ateneo de Oria penetrou a *corrente central do pensamento europeo*.

Hai anos, xuntábanse n-un curruncho do *fumoír* do Casino d'Oria, loaxe do tresillo, das carambolas e do chamelo, mádea dúela de catedráticos do Instituto. Elí falábase de cousas trascendenzás, serias y-argueitas: os Tribunais

d'oposición, o escalafón ou os quinquenios, as permutas, as Reales órdes, a teoría de Darwin... A xente deu en chamar a aquil corrunchiño o *Ateneo*.

Falar n-algunhas vilos do Ateneo é coma quen fala á un tempo do Olimpo e do Parnaso. Nin un Congreso Pedagóxico, nin ús Xogos Froræes teñen tanto prestíto. O Ateneo é o connubio augusto da Cencia coa Elocuencia, adomado por todol-os *sinomas forzosos da seriedade*.

Aquíl alcume respetoso foi a *idela-forza* que deu pulo ó verdadeiro Ateneo de Oria. O Rexente da Escola Normal que profesaba o culto da atildada frase, espuxo a idea en *El Porvenir de Oria*. Il propuña que s'orgaliza-sea *sabatinas*, ou sexa xuntanzas semanás, os sábados, e n-elas, cada un disertase en col d'un tema determinado. De todol-os xeitos, a idea obrou. Os europeos d'Oria diñáronse tomalta en consideración. Agora ben, a cousa cumpría meditala. Porque si no elemento anti-go atopaba partidarios a idea *das sabatinas*, o elemento moderno, dirixido pol-o Ispetor d'Escolas, procedente da Superior do Maxisterio, quería mais ben, un labor de trascendencia social. O millor era unha Universidade Popular, con clases pra obreiros e unha Biblioteca Circulante, onde cada un atopase os coñecimentos de mais aplicación ó seu oficio: o agricultor, o cultivo das vides americanas; o carpinteiro a co nposición d'z barnices; o tendeiro, os medios de recoñecer-a trichina na carne de porco; o industrial o emprego dos motores de gás probe etc. etc. Nada de teorías, senon coñecimentos prácticos. Logo, nas conferencias semanás, debíase preseguir un fin educativo: esquecer-a Arte e mais a Arqueoloxia, e falar de célula, dos globulos roxos, de hidróxeno, do carbono...

Por fin chegouse a un acordo, graças á unha gran vontade qu'interviu, dissoció a *idela-forza*; deixou ó Rexente a *idela* e quedándos'il coa *forza*, por ela orgaizou o Ateneo.

Todol-os militares retirados qu'había en Oria, moitos rapaces do Instituto e algúis membros da Cámara de Comercio figuéronse socios. Procedeuse á orgaización. Principiaron por se aboñaren ás catro *Ilustracións* (Española y Americana, Francesa, Inglesa e Italiana) e mais á revista *Ibérica*. Logo, entendéronse

c'un viaxante catalán pr'encargaren prá bibliotecas as obras seguintes:

O Quijote.

A Historia Universal de César Cantú.

A Historia do Consulado y-o Imperio de Thiers.

A Colección dos Manuales Soler.

O Diccionario Salvat.

Os Episodios Nacionales de Galdós.

A Guerra de Africa de Alarcón.

Houbo algunhas discusións, porque os católicos querían a suscripción á *Hormiga de Oro* e os radicais a do *Motín*. Mais todo veu a ben pola abnegación d'uns e outros á prol da Cultura.

Por fin nomearon un Conserxe. quen dá asistencia a unha sociedade, non son os socios, nin o Presidente, nin a Xunta, nin o regramento; é o Conserxe. Unha sociedade elixite de que ten Conserxe, si pode ser, con galós. En canto nomearon Conserxe, quedou constituído O Ateneo de Oria.

V

A TERTULIA NO ATENEO DE ORIA

O Ateneo de Oria inaugurouse c'unha serie de cinco conferencias sob' o Sistema Métrico Decimal, e seguiron outras de non menos fonda transcendencia e novidade. Pr'atraguel-a xente, maxinaron de mercar un aparato de cinema, e proieutar películas antes e despois de cada conferencia, ademais, os socios fundadores comprometéronse solenemente a levaren de cote ás súas familias á aquelles autos de cultura e ilustración. Proieutábanse películas da casa Pailé, que representaban a *cría do verme da seda*, a *fabricación dos chapéus de palla*, o *sistema do planchado alemán* e outros asuntos d'instructivo e honesto entreteñemento.

Os días soltos os socios fundadores formaban tertulia arredor do braseiro. O que mais se meía n-íl era Don Feliciano Folgoso, vello abogado cujos estudos sociais encamiñados a restabrecer-a armonía antr'o Capital e o Traballo, obtiveran mención honorífica en moitos certames. Todos o respeltaban, porque ademais era o Presidente do Ateneo. Iba tamén o seu amigo de toda a vida, o anticuario don Felisindo Gómez; o Rexente da Normal, don Xacinto Comas; o Notario, Don Xacobe da

Fontela que era alicionado á Física e ate tiña inventado un aparato pra demostrarl-a caída dos graves, que mandara a unha Exposición Nazonal, e o director de *El Porvenir de Oria*.

O que nunca se chegaba ó braseiro era o ispeutor d'Escolas.

- Vdes. estánse intosicando co óxido de carbono - dicíalles.

Verá Vd., mi muy escelente si que también sabio amigo - respondía Don Feliciano Folgoso - *Vdes. los jóvenes que han sido educados conforme a los principios de la Higiene, han conseguido ya un cierto endurecimiento físico que les permite, por decirlo así, soportar las inclemencias del medio. No así los ancianos... Yo, como poseo tan escasa circulación periférica, los descensos termométricos me afectan con inusitada intensidad. que a Vds. les parecerá hiperbólica.*

O ispeutor d'Escolas era un home de 69 kilos, talla 1'67, talla de busto 0'82, brazo 1'65, índice cefálico 75, perímetro torácico 92, leptonino, leptoprosopo, iris medio, cabelo liso, escuro, pel branca, fórmula dentaria $\frac{4}{4} \cdot \frac{1-1}{17} \cdot \frac{5-5}{8-8}$, temperamento nervioso-sanguíneo, perfecta normalidade das funcións orgánicas, pulsación por minuto 68, sen antecedentes hereditarios morbosos, sen historia clínica, 35 anos, solteiro. Ouservaba un réxime dietético mixto, vexetariano e ovo-láctico; tomaba ducha diaria e baño semanal a 32 grados, practicaba a xinasia sueca sistema Meyer e masaxe cutáneo e abdominal regularizador da función catabólica do intestino. Vestía en *El Agulla* de Madrid, prendas soltas, sen tirantes, nin cinto, nin outra cousa que comprimira a cabeza, o tronco nin as estremidás, de xeito que deixaran funcionar libremente os órgaos e non impediran a circulación do torrente sanguíneo; camisa con cuello e puños de celuloide, botinas d'elástico con piso de goma, pra facilitar a desinfección cotián e pra impedir a humidade nos tarsos. Seu nome, Don Xoan Pérez e García.

Don Feliciano, inda que non frisaba moito co'íl, recoñecía qu'o ispeutor d'Escolas representaba o *espírito novo* y-era o dono do porvir... Don Felisindo, que non sabía as verdadeiras funcións do figado nin do bazo, nin enxergaba ben coma se formaban as imaxes na retina, tiñalle medo; tanto traballo coma il levara pra demostrar qu'a sepultura do lado

da Epístola na igrexa do mosteiro de San Martiño das Balagueiras, era a do cabaleiro Pay Feixóo, benfeitor d'aquilo mosteiro, que formaba con outros persoaxes o privilexio rogado de Don Alfonso IX de León ao dito mosteiro no ano 1229, e si agora resultaba que todo aquilo non importaba nin valía pra nada?... Don Feliciano tranquilábase asegurándolle que a perfección da Ciencia resultaba *del consorcio armónico de la tradición con las adquisiciones del espíritu moderno.*

Entroques o Notario D. Xacobe da Fontela, que contribuíra co seu *modesto óbolo* - o aparello pra demostrarl-a caída dos graves presentado a unha Exposición Nacional - ó progreso moderno, que era membro da *Asociación Española para el Progreso de las Ciencias*, tiña ó Ispetor por un oráculo, e o Director de *El Porvenir de Oria* tamén era do *partido da Renovación*. Aínda estaba tentado a publicar no seu boletín unha serie d'artigos desenrolando a qu'ó Sr. Pérez García chamaba idea directiva de todo progreso nacional: «vivir centificadamente».

Mais a fórmula ésta acutábase tamén os partidarios do *consorcio armónico*, principalmente o Rexente da Normal e aínda o propio catedrático de Latín.

Somentes a contradecía de cara un rapaz, estudante de filosofía que coas súas distincións antr'o vital e o racional, as súas teorías do fracaso da razón, da continxencia das leis naturais, e outras pol-o xeito, faguía erguer protestas unánimes... Os sabios membros do Ateneo de Oria, non podían transixir co aquelas doutrinas novas que viñan comprometer gravemente as bases incommovibles en que descansaba o Progreso Moderno.

Mais aló, no fondo segredo da sua y-alma, o anticuario Don Felisindo Gómez, acariñaba unha vagarosa esperanza na continxencia das leis naturais.

VI

O PROIEITO DO MÉDECO D'ABRANTES

O mais radical partidario da renovación era o Médeco d'Abrantes. O Dr. Andrade iba dúas ou tres veces ó mes á capital, decote visitaba a tertulia do Ateneo.

- Estamos d'acordo - berraba o Doutor - en qu'a perfección consiste en acomodarmol-a nosa vida ós adiantos portentosos da Mecánica, da Electricidade, do Magnetismo, da Termoquímica, da Histoloxía, da Aerostática, da Bacterioloxía, da Psicofísica, da Bioquímica e da Termodinámica: mais pra iso compre celbar á Humanidade da ignorancia e do fanatismo qu'ateigan os miolos das probas xentes ás que non chegan as portentosas luces da Ciencia Moderna...

- Por iso eu quixen ó principio - respondeu o Ispetor d'Escolas - qu'iste Ateneo fose un centro de cultura popular qu'espallara as luces da Ciencia en todas as clases sociais...

- Ise labor - replicou o Dr. Andrade - é no campo ond'hai que faguelo. Eu coñezo a vida rutinaria dos labregos...

- Sí - concedeu D. Feliciano -, compre roturar aquí ermo espiritual.

- Eu mesmo - xemeu Andrade - atópome alí isolado, arredado da civilización e do progreso... Si tan xiquera tivese con quen falar d'estas cousas... Porqué non s'antiman Vdes. á vir á Abrantes iste vran?

Os meirandes acontecementos, os feitos chamados a trocal-a face dos pobos e torcel-a marcha da Hestoria, penden ó millor d'unha ocorrencia así. Quén iba pensal-as secuencias incalculables d'aquela súpera inspiración do Doutor Andrade? Deus'il conta da trascendencia d'aquela idea que ceibou respondendo a unha vaga cobiza, asegún o qu'il pensaba, mais, en realidade, rempujado pol-as leis eternas que rixen a fatalidade hestórica?

O caso foi qu'aquelas verbas tan sinxelas puxeron en todol-os espíritos, sen que d'elo se decatasen ben os señores ateneístas, o tremor de presentemzuto e d'agoiro que precede ás grandes resolucións. Un silencio solemne fíxose na douta asamblea...

Ó cabo, o Ispetor d'Escolas, pillou o queixo con dous dedos da man dereita, e dixo:

- Pois sabe que non estaría mal.

O Dr. Andrade espuxo entón como Abrantes xuntaba as mais doadas condicións pra veranearen persoas cullas; ó pé do río pra se bañaren; tres tréns diarios, alimentos sans, estrada con acacias, etc., etc. Unhos meses de descanso, de convivencia coa natureza, virían ben a todos: irían todol-os presentes, e mais

NOS

o catedrático de Latín, que non estaba, coas súas familias, e coa liberdade qu' o campo permite, vivirían n-un culio e tolerabre comunismo.

Conformes. - dixo o lspeutor d'Escolas - faremos unha sorte de Colonia Escolar d'Adultos. Todos asintiron antusiasmados.

Don Feliciano Folgoso non falara aínda. Obrigárono.

- *El estado de mi salud, me hace ambicionar un cambio de ambiente -* manifestou o Presidente - *A consecuencia de la infección grippal que padecí el pasado otoño, me quedó una afección gastro-intestinal, con un dolor que, localizándose en el intestino delgado, ejerce presión sobre la vejiga y estimula la*

secreción urinaria. Es posible que la permanencia en Abrantes me proporcione alivio. Iré, pues, con Vdes.

Ficou acordado: 1.º Romadrol-os ensames d'enseño libre, ou sexa, na segunda quincena do mes de San Xoán, estableceríase en Abrantes a Colonia de Vacaciós do Ateneo de Oria. 2.º Sería Direitor da Colonia, Don Xuan Pérez e García lspeutor d'Escolas da provincia, quen redautaría o regramento pol-o qu'a Colonia teríe que rexirse. 3.º O Dr. Andrade encargárase de aposentar ós veraneantes e mais do abastecemento da Colonia.

E sendo a hora de cenar, ergueuse a sesión.

(.....(Continuarése)

VICENTE RISCO

A V O L T A

XA moito dinantes de pórme ó camiño sentía ben cratamente en min o aer ceibe, montesío, un pouco indixesto o primeiro día como unha manenza forte, o arrecender das pedras orceladas da solaina, o aleito da adega semellante ó d'un vello craustro rom íneco santificado pol-a lembranxa dubidosa mais presente d'un bispo d'aquiles que firmaban os privilexios dos reis, cada qu'a adega soilo gardaba un pouco da priguiza dormiñenta dos viños d'outro tempo l-o olido a probe de pedir dos montós de potacas inzados ó ventarse de lonxe a primaveira pol-os cherelos finos e longos coma lirios na escuridade. Sentía o frío tocar dos pergameos dos libros, a chegada sempre sorprendente das bateladas das doce, l-aquilla priguiza do corpo cando é preciso erguerse pr'a misa tan cedoño, unha priguiza de febre acrescida pol-o medo de pasar fronte das casas aldeás que n-aquilla hora botan pr'o espertar cristiáño da mañá todo o bafo quente dos sonos e da porcallada humán. Medo de sentir a paisaxe lixada pra tudo o día. Medo da pulga que rube pol-a perna (a perna qu'inda non s'afixa a ser perna e non téa forma nin enerxía de tal, sinón que segue desfexa e mol, asegúna estaba na priguiza do leite e do sono) e non

deixa seguire coma se debe o desenrolo dos ritos da misa. Tiña materialmente presente a hora derradeira da serán: andar d'eiquí pr'ali arraxando os quinqués; soilo brillan ús ouxeiros de metal nos que non parábamos a atención pol-o día, l-o desfexio rostro pálido do poente apégase silandiro ós vidros querendo entrare baixo o trazo fuxindo da aza gadeñeira da noite. Deade a vispora xa estaba no pozo aldeán con grande door da miña vontade. Sentíndome cal n-un fracaso total, pois telmaba ire á aldeia c'unha branca virxinidade d'esprito pra escribir o ceibe misteiro da natureza ou ó que fora con tal de que chegara impensadamente, e sospeltaba que soilo me sería doado vivire asegún unha pauta xa veia e noxenta, trazada pra sempre en min por outras tempadas aldeás ó meu parecer esquencidas, mais qu'agora na vispora do viaxe remocaban' com'a escriptura dos palimpsestos. De fixo non me quedaba mais qu'unha rex'ón marxinal en troques do vivir ceibe maxinado com'a esperanza salvadora. É unha das cousas que non fan amar como se debía os viaxes ista anticipación traballada pol-a impacabre lembranxa, fanjada apenas n-un prexudiceo, n-unha páxina, n-unha semellanza,

OS EUROPEOS EN ABRANTES

(Proseguimento)

VII

REGRAMENTO DA COLONIA DE VACACIÓ DO ATENEO DE ORIA

Artículo 1.º A Colonia de Vacaciós do Ateneo Centífico de Oria ten por fin a educación física, intelectual e moral dos Señores Socios qu'a compoñen; a primeira por meio do maior aproveitamento do oxixeno do ar pr'a función respiratoria, permitindo unha mellor e máis completa oxidación do sangue, e unha meirande riqueza d'ela en oxido de ferro; dos beneficiosos efectos dos raios solares no orgasmo, ben sexa pol-a súa acción tónica e estimulante sobr'o torrente circulatorio, ben pol-a activación da secreción das glándulas sudoríparas, permitindo a eliminación das toxinas qu'infentan a economía; do moderado exercicio ximástico regulador das funcións orgánicas, e máis da acción sedante da cooración verdecente da campia sobr'o sistema sensorial e nervioso.

A segunda pol-a observación experimental directa sobr'a terra mesma dos fenómenos físicos, químicos, biolóxicos, psicolóxicos e sociais, das formas xeométricas, das mensuras e dos cálculos, pois os colonos non han ver nos fenómenos da natureza máis que a ciencia realizada e omnipresente.

A terceira pol-o estreitamento dos vencellos sociais que se cria na íntima convivencia e axuda mutua dos colonos en loita co-a natureza teibz.

Artículo 2.º A dirección e goberno da Colonia fica encomendada a un Director-técnico especializado nas disciplinas pedagóxicas, o qual estará asistido d'un Sub-director económico, especializado na ciencia das finanzas, e máis d'un Asesor Médico.

Artículo 3.º Enantes de porse en camiño a Colonia, cada un dos Señores e Señoras qu'a compoñen, sufrirá un exame médico-pedagógico, co resultado do qual encherase unha folla que levará os seguintes extremos:

a) Talla, peso, perímetro torácico e di-

mais mensuras antropométricas, das que sacárase o índice de robustez.

b) Capacidade respiratoria, apreciada pol-o espirómetro.

c) Forza muscular, apreciada pol-o dinamómetro.

d) Tanto por cento de hemoglobina, apreciado por análise química.

e) Ritmo cardíaco.

f) Agudeza dos sentidos esternos.

g) Capacidade d'atención, d'asociación d'ideos, índice de fatiga e demais probas mentais, verificadas mediante os tests de Binet.

Á volta repetirase pra cada un o ensame do mesmo xeito, pra poder apreciar os progresos obtidos na estada en Abrantes.

Artículo 4.º O réxime alimenticio da Colonia será, salvo excepción decretada pol-o Asesor médico, o vexetariano, dando de cole preferenza ós produtos centíficamnte elaborados, principalmente ó caldo de cereás e ó pan integral. A bebida será únicamente auga fervida e aireada, podéndolle engaderir litinoides en cantidade moderada.

Artículo 5.º As habitacións qu'haxan d'ocupar os Sres. Colonos, han ser previamente e minuciosamente desinfectadas, calcadas e pintadas, baixo a dirección do Asesor-médico, pr'o qual, quince días antes, mandarase á futura residencia da Colonia a estufa de desinfección, e as cantidades precisas d'ácido bórico, zotal e solución de bicloruro de mercurio.

Durante a estada dos Colonos, as habitacións han ser mantidas n-un perfecto estado d'asepsia, sen que se permitan n-elas alfombras, cortinaxes nin outra cousa que poida en si aloxar e dar achego a bacterias, microorganismos e toda caste de xermes patóxenos.

Artículo 6.º A vida dos Colonos han ser a seguinte:

As sete da mañá: cinco minutos de xinastia sueca, con flexiós das estremitás torácicas e abdominais, ducha e almorzo.

As oito e trinta paselo istrutivo.

As onze e trinta, baño en común, no río, con exercicios de natación. Ó saír, masaxe e fricción con toalla seca.

As doce, descanso.

As doce e corenta e cinco, xantar.

As trece e trinta, os pleóricos deben pasear na casa; os asténicos deben estar deitados sen durmiren delas catorce e trinta.

As catorce e trinta, xuntanza e recreo.

As dazasete, xuntanza istrativa ou excursión.

As vinte, cea.

As vinte e unha, xuntanza istrativa.

As vintetrés, cinco minutos de xinasia sueca, dous minutos de fricción c'unha toalla seca e deitarse.

Artículo 7.º As excursións faranse nos días e nas circunstancias que determine o Director, previa consulta do Asesor-médico.

Artículo 8.º Os colonos procurarán manter sempre un ánimo alegre e divertido sen esaxeración, axudando cada un ós demais pra elo, por medio de chistes cultos e ocurrencias inxaniosas, probemas fáciles, xogos de prendas ou de mans, fíbulas, charadas, logogrifos e demais esparcamentos honestos.

Artículo 9.º A Colonia sostérase co'as subvencións que lle sean concedidas pol-a Excelente Diputación provincial, pol-o ilustre concello de Oria, e mais pol-a Caixa do Ateneo.

Artículo 10. Redautarase unha Memoria da Colonia, que será publicada pol-o Ateneo, e repartida antr'as Autoridades e os socios.

VIII

PREPARATIVOS

Como todol-os serans a coño, había dez anos, o Sr. D. Felisindo Gómez púxose o chapu brando negro, pillou o caxeto d'ebano coa cayada de prata e foi en procura de D. Feliciano Folgoso, pra iren os dous pé ante pé ó Ateneo. Chamou, e a porta aberta, D. Felisindo sen quitar o chapu, encamiñouse pr'o despacho do seu amigo. Non estaba, Don Felisindo deu volta e foise pr'o comedor. Pol-a porta entornada, enxergou un cadro insólito: Don Feliciano en mangas de camisa, estaba debuzado riba da mesa, pernas e brazos no ar e imitaba compasadamente os movementos d'unha rá...

Sen descomparse, Don Felisindo empuxou a porta. Don Feliciano véndose collido, brincou con estrépito da mesa embaixo e correu a pillal-a chaqueta.

-E logo, adicase á xinasia sueca? - Perguntou Don Felisindo coma si nada.

Don Feliciano achábase confuso com'unha doncela collida en camisa.

-Craro! - dixo pódose colorado - lle non dixera nada... mais... queríalle dar unha sorpresa... Non é xinasia.

-Pois si non é xinasia, me non esprico o qu'estaba facendo.

Don Feliciano púxose confidencial:

-Amigo Gómez, Vde. sabe o qu'imos faguer en Abrantes? Vde. sabe qu'aló en Abrantes, teremos que nadar?

-Home, eso din.

-Ben, e Vde. sabe nadar?

-Non señor.

-Pois eu... estou deprendendo.

-Vamos - comentou Don Felisindo pensafibre - xa cayo. Vde. está deprendendo a nadar en seco.

-Hai que principiar por ahí! - reprecou don Feliciano botando lume - eu depreindo a nadar por un método centífeco, rigurosamente centífeco, non empireco, e si nono cree vaito ver. E collzu un libro e púxollo diante do nariz.

Na coberta decía: *C. de Joergensen. Tratado teórico-práctico de natación*. A portada liña un atleta en traxe de baño. Don Felisindo, bibriófilo esperimentado, foi aixiña en procura do índice. Iste principiaba:

Prólogo do autor.

Prólogo da edición sueca.

Prólogo da edición francesa.

Introdución - Cap. I - Razón do plan.

Cap. II - Ouxeto e fin da natación.

Cap. III - A natación coma ciencia e coma arte.

Cap. IV - Relacións da natación co'as demais ciencias.

Cap. V - Bibliografía da natación.

Breve reseña histórica da natación

Cap. I - A natación nos tempos primitivos.

Cap. II - A natación nos pobos d'Oriente.

Cap. III - A natación en Grecia.

Cap. IV - A natación en Roma...

Ó chegar eiq'í xa estaba convencido don

Felisindo de qu'a natación constituía unha das ramas máis importantes da ciencia moderna, e don Feliciano sorría satisfeito.

- De certo qu' é cousa curiosa - afirmou don Felisindo.

- Pois mire, mire a bibliografía - respondeu o outro.

Abondou que vise o número de obras doutrinaes en alemán que citaba o autor. Non collía dúbida; ningún home culto tiña dereito a ignorar unha ciencia xa constituída e sistematizada com'a natación.

- Está ben - concluíu Don Felisindo quitando os catellos - agora xa me pode dicir como se aprende a nadar.

- Ben - otorgou compracente Don Feliciano - mais tenme que prometer non decir nada a ningún, nin dentro nin fora do Ateneo, nin xiquera ós expedicionarios. Bó é que vos tede o selo, mais tén que quedar ante'os dous. Nos chegamos alá, e nadamos coma todos, sin que ningún teña necesida de saber coma aprendimos. Conque, si vos tede quer, principiamos xa. Dende mañá, ven Vde. eiquí algo máis cedo, e podemos facer algo enantes d' ir pro Ateneo.

- Ben, díreille - respondeu Don Felisindo conque de todo - eu na y-auga non me meto por mor da reuma; mais fora d'ela, non está demais o aprender a nadar, inda que non sexa máis que por precaución, pra un caso d'apuro. Ninguén está libre de precisar calquera día certos coñecimentos de natación. Aceuto e agradezo a idea de Vde., así que, cando queira.

- Primeiro teño que l'espricar o que é a *flotabilidade* e as súas condicións, e logo podemos comezarl-os exercicios de *propulsión*.

E Don Feliciano, abrindo o tratado, emprincipiou a espricar ó seu amigo as figuras.

Dende aquela os dous amigos xuntábanse a coito unha hora antes, e apoyando a barriga cada un n-un tabolete *ad hoc* que mandaran facer, es; eraexaban en catro tempos, con pernas e brazos, asegún as regras estritadas do doutor Joergesen.

- Un, dous, tres, catro - repelían a unha. Estaban aprendendo a *braza de peito*.

- O autor tén razón - aseguraba Don Feliciano - non pode chegar a nadar ben máis qu' o que aprende a nadar en seco, porqu' il

somentes executa os movementos matemáticamente precisos, namentras qu' os rapaces qu' aprenden no río, empiricamente, sen coñecencia dos músculos que teñen que pôr en xogo, sen saberen aproveitar centificamente o esforzo dos *propulsores utilizábeles*, as estremidás torácicas e abdominás, adquiren unha chea de vicios e hábitos rutinarios que lles poden ser fatales. Desengáñese, Felisindo, a nosa é a natación racional, a úneca.

Don Felisindo estaba xa tan tolo coa natación, que chegaba á casa, e il soilo botábase no asento d' unha cadeira e púñase a praulical-a braza de peito. Cando se dirixía en silencio con don Feliciano ó Ateneo, iba repasando pol-o baixo os preceutos de Joergesen:

1.º tempo Posición inicial (figura 14). Os brazos e as pernas encollidós. As palmas das mans xuntas. Os calcaños xuntos á outura do corpo.

2.º tempo (fig. 15). Estensión dos brazos sen arredal-as mans. Estensión das pernas que deben ficar arredadas.

3.º tempo (fig. 16). *Tempo útil*. As mans en posición inversa, xuntas pol-o rivés, etc.

Á braza de peito socedeu a de lombo, a ésta o *over* e o *dobre over*, e logo o *trudgeon* e o *crawl*. Un día, cando chegou D. Felisindo, don Feliciano folleab' un catálogo de cousas de sport.

- Iso que é, Folgoso?

- Nada. É un catálogo d' unha casa de Barcelona. Estou vendo a ver si traí uns cintos de natación de que me falaron.

- Logo Vde. insiste no seu propósito de botarse á y-auga.

- E Vde., non?

- Home, a min non mo permite a reuma, xa o sabe. De boa gana o faría, non crea. Mais así e todo, aínda non levamos un mes d' enselos... É millor qu' o deixara pr' Abrantes.

- Alá, diante de todos, vou nadar con cinto!

- berrou Don Feliciano indinado - Nada, nada, si Vde. non quer, alá Vde. Eu nono obrigo. O que é eu, en canto teña o cinto, alá vou.

Don Felisindo sinteu a súa inferioridade, e calou.

Chegou o cinto de corcho, de fábrica francesa, modelo derradeiro. Era por fis do mayo e a calor apertaba. De que remataron os ensaimes, tiñase qu' emprincipiar a orgalzal-a expedición; non había tempo que botar de perda.

Un serán, Don Feliciano fixo un paquete co cinto, o taparrabos e unha sabán, meteu o Joergersen na mar; de Don Felisindo, e foron pra un lugar silandetro do río.

Debaixo dos arbres, ispiuse Don Feliciano. Don Felisindo ollábao con envexa.

- Agora - dixo o nadador - , eu bótome ó río, asina, com'índica a figura 83, e logo, vostede vaime lendo os distintos tempos da braza de peito. Comenza na páxina 191.

Púxose nas puntas dos pés, botouse elegantemente á y-auga, e desapareceu baixo das ondas. D. Felisindo emocionado contivo o alento... Il volvería? As tempos de D. Felisindo bañan con forza. Con man tremente, buscaba no Joergersen a páxina indicada... Ó cabo d'un pedazo, reapareceu Don Feliciano cos cabelos apzados na calva relucente de mollada.

- Non vé, Gómez, que ben se flota?... Si non hai mudo!... Agora, lea.

Don Felisindo principiou:

- «O corpo completamente horizontal... Asina... Agora, 1.º tempo. Posición inicial. Figura 14... Os brazos e as pernas encollidas...»

Don Feliciano emprincipiou a bater furiosamente co'as mans arredándose da orela.

- Qué fai Vde., desgraciado? - berrou don Felisindo erguendo o libro - Coidado! Non precipite a cadencia! Movimentos pausados! Se non me deixa ler Vde!

Non había remedio: a corrente levaba a don Feliciano que berraba con desespero e perneceaba furiosamente.

- Auxilios qu'afogó!... Auxilios qu'afogó!

Don Felisindo principiou a correr pra riba e pra baixo com'un tolo.

- Auxilios! Auxilios!

Perdera o chapéu, o bastón, ata o tratado... Por fin abesullou alá lonxe uns nadadores empíricos e foixe a escape cara eles:

- Acudan! Acudan! Qué s'afoga.

Don Feliciano aboyaba alá, no meio do río, e os seus laios eran desgarrados.

Por fin os nadadores empíricos botáronse á y-auga, e sacárono con traballo. Antre tres, izárono á orela. Don Felisindo acudeu coa sabán botando ó seu amigo olladas feroces:

- Qué loucura! - berraba cheo de carraxe - Qué loucura!

Don Feliciano valeirábase com'un pelexo; tragara mais de vinte netos d'auga. Non podía falar. Batérono, fregárono, enxugárono. Por fin atopouse vestido, reacionado, sentado n-un penedo a carón de Don Felisindo que lle collía as mans pra confortalo.

- Foi bó susio! Foi bó susio! Agora depren-deria vostede!

Don Feliciano tateaba aterrado e arrepen-tido:

- Por... Por Dios... a... amigo Gómez... de... de... de esto, nin... unha ver... ba no... no Ateneo...

- Ninguén ha saber nada - asegurou solem-nemente Don Felisindo - palabra de home honrado!

E levou o amigo pr'a casa pra que se deita-ra.

Xa na cama e ben amantado, Don Feliciano preguntou cheo de medo:

- Gómez .. vostede trouxo o Joergersen?.. Non se perdería?

(Continuaráse)

VICENTE RISCO

M E R Q U E V O S T E D E

SÍNTESE XEOGRÁFICA DE GALICIA

P O R

Ramón Otero Pedrayo



Fundación Vicente Risco

Don Luís Martínez-Risco Daviña, presidente da Fundación Vicente Risco

COMINICA:

Que se autoriza a don Albino Prada Blanco a usar o texto de Vicente Risco *Os europeos en Abrantes*, para a súa adaptación audiovisual e collage literario *Arredor de nós*.

Allariz a 9 de setebroo de 2016

Luís Martínez-Risco Daviña,

REGISTRO TERRITORIAL
DE LA PROPIEDAD INTELECTUAL



XUNTA
DE GALICIA



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE EDUCACIÓN, CULTURA
Y DEPORTE

REGISTRO GENERAL DE LA PROPIEDAD INTELECTUAL

Según lo dispuesto en la Ley de Propiedad Intelectual (Real Decreto Legislativo 1/1996, de 12 de abril), quedan inscritos en este Registro los derechos de propiedad intelectual en la forma que se determina seguidamente:

NÚMERO DE ASIENTO REGISTRAL 03 / 2016 / 1024

Título: Arredor de nós

Objeto de propiedad intelectual: Texto

Clase de obra: Literaria - narrativa

PRIMERA INSCRIPCIÓN

Autor/es y titular/es originarios de derechos

• **Apellidos y nombre:** PRADA BLANCO, Albino

Nacionalidad: España

D.N.I./N.I.F./Pasaporte: 34906894R

Observaciones a la inscripción

Obra derivada da obra orixinal de Vicente Risco (1884-1963), "Os europeos en Abrantes". En tal sentido, faise constar que se aporta a autorización do actual titular de dereitos de explotación sobre a obra de Vicente Risco para a transformación de dita obra.

Datos de la solicitud


Núm. solicitud: VG-109-2016

Fecha de presentación y efectos: 09/06/2016

Hora: 10:37

En Santiago de Compostela, a catorce de septiembre de dos mil dieciséis

El/La titular del Registro


Firmado: José Mª Guijo Vázquez

